




PLAN DE DINAMIZACIÓN

XUÑO 2026





Concello de
Betanzos

Expediente: 2024/U035/000001

Asunto: PLAN DE DINAMIZACION DA ÁREA REXURBE

Servizo responsable: URBANISMO

Data: XUÑO 2026.v06

INTRODUCCIÓN

ANTECEDENTES: normativa e xestión

OBXECTO E CONTIDO DA MEMORIA

BLOQUE I - ANÁLISEE DIAGNOSE DO ÁMBITO

DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

METODOLOXÍA DE TRABALLO

PRESENTACIÓN E ANÁLISE DOS INDICADORES XERAIS

INDICADORES DE DEGRADACIÓN ARQUITECTÓNICA, URBANÍSTICA E AMBIENTAL

1. ESTADO DA EDIFICACIÓN.
2. ESTADO DO PATRIMONIO.
3. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS. SERVIZOS URBANOS.
4. MOBILIDADE URBANA.

ANÁLISE DOS INDICADORES DEMOGRÁFICOS.

ANÁLISE DE INDICADORES SOCIOECONÓMICOS.

SÍNTESE DE NECESIDADES DETECTADAS NA ÁREA REXURBE

BLOQUE II – ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS

MATRIZ DAFO

ANÁLISE CAME

CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

BLOQUE III – LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑAS ESTRATÉXICAS, OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

ÁMBITOS PRIORITARIOS DE INTERVENCIÓN

LIÑAS E ACCIÓNS: OBRAS, ACTUACIÓNS E INTERVENCIÓNS

CRONOGRAMA

BLOQUE IV – VIABILIDADE ECONÓMICA

VIABILIDADE ECONÓMICA

POSIBILIDADES DE FINANCIAMENTO: LIÑAS DE AXUDAS

RESUMO DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2023

DETALLE DE INVESTIMENTOS E ANUALIDADES

CADRO RESUMO DE INVESTIMENTOS

PREVISIÓN DE INGRESOS

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

PARTICIPACIÓN SOCIAL

Anexo1: Estado de conservación. Listado de inmuebles.

INTRODUCCIÓN

ANTECEDENTES: normativa e xestión.

Os valores históricos e culturais: normativa.

O Casco Histórico de Betanzos foi declarado Conxunto Histórico-Artístico o 31 de decembro de 1970, polo Decreto 3850/1970. En aplicación da disposición adicional primeira da lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español, ten a consideración dun Ben de Interese Cultural.

O artigo 55 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), establece no seu apartado 1: A declaración de interese cultural dun conxunto histórico determinará a obriga para o concello no territorio do cal se encontre, de redactar un plan especial de protección do ben, que se poderá estender ao seu contorno de protección e zona de amortecemento, de ser o caso.

Así, aprobouse o Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico (PEPOCH), aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de A Coruña, en sesión do 2 de decembro de 1992, e publicado no BOP núm. 92, do 23 de abril de 2001.

O PEPOCH incorporouse ás vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento NNSSPP do Concello de Betanzos como PS Planeamento Subsistente (Normas Subsidiarias de planeamento urbanístico do concello de Betanzos, aprobadas definitivamente en data 28 de novembro de 1996, BOP nº 19, de 24 de xaneiro de 1997).

Se trata dun Plan Especial non adaptado á LPCG do 2016. Tras segunda modificación introducida polo artigo 31 da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da disposición transitoria quinta da Lei

5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, que amplía o prazo previsto inicialmente ate o 31 de decembro de 2028, para adaptación do PEPOCH á LPCG, un dos obxectivos principais do Concello de Betanzos é a aprobación dun novo Plan Especial adaptado á actual normativa en prazo.

De acordo coa ordenación establecida, o ámbito do BIC está cualificado integralmente como solo urbano.

O Casco Histórico comprende a cidade medieval xurdida sobre o Castro de Untia unha vez desprazada a poboación desde o Castro de Tiobre. O Castro de Untia dominaba a confluencia dos ríos Mendo e Mandeo onde se situaba o porto comercial e pesqueiro que se consolidou como o eixo comercial da comarca.

A cidade de Betanzos obtén foro real tras a súplica dos seus habitantes ao rei no ano 1212. Afonso IX concédelle o privilexio no ano 1219, desta maneira establece os límites dunha nova poboación creada con intencionalidade política.

O recinto conta con dous monumentos nacionais como son as igrexas góticas de Santa María do Azougue (BIC declarado o 19.10.1944 por Decreto do 29.09.1944) e o Convento de San Francisco (BIC declarado o 07.10.1919 por Real Orde do 29.09.1919), situadas na Praza de Fernán Pérez de Andrade "O Bo".

Na praza da Constitución está o edificio consistorial do século XVIII obra de Ventura Rodríguez e o Palacio de Bendaña, do século XV e reedificado no XVII. Ao seu lado álzase o Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC), na antiga Casa Núñez. Domina a praza a Torre do Reloxo, do século XVI que está encostada á igrexa de Santiago.


A Antiga Muralla Medieval, que rodeaba no seu tempo a cidade, contaba con cinco portas. Porta da Vila, a principal, estaba coroada por tres escudos hoxe encaixados no lateral dunha vivenda. A pesar de non conservarse, o seu nome é usado tal e como indica como lugar de entrada ao centro histórico. Hoxe en día mantéñense en pé tres portas coñecidas como a Porta da Ponte Nova, a Porta da Ponte Vella e a Porta do Cristo.

Os vestixios da muralla están protexidos conforme ao Decreto do 22.04.1949, sobre protección dos castelos españois (R.I.-51-0008828-00000). A Muralla do recinto urbano ten a consideración de Ben de Interese Cultural en virtude das disposicións adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e adicional primeira da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Outros elementos BIC existentes na delimitación do Casco Histórico: Escudos e cruceiros de máis de cen anos. Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre a protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico (BOE núm. 77 do 30.03.1963) Hórreos de máis de cen anos. Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do estado os hórreos ou cabazos antigos existentes en Asturias e Galicia (BOE núm. 62 do 13.03.1973).

Así mesmo, a Cidade de Betanzos atópase na traza do Camiño de Santiago Inglés, que a percorre de norleste a suroeste, segundo a delimitación contida no Decreto 110/2014, do 4 de setembro. No Casco Histórico entra cruzando o río Mandeo pola Ponte Vella (estrada N-651) e accede a través da muralla pola Porta da Ponte Vella, continuando pola rúa dos Prateiros e rúa Porta da Vila, cara a Praza Irmáns García Naveira e abandonando o Centro histórico pola rúa do Rollo.

Ademais, o 24 de outubro de 2002 delimitábase unha Área de Rehabilitación Integral (ARI) que comprende a totalidade do ámbito do Casco Histórico, o barrio da Ribeira e os barrios da Madalena e Nosa Señora dos Remedios. Betanzos tamén é un dos municipios que forman parte da ARI supramunicipal do Camiño de Santiago.



Ámbito da delimitación do Rexurbe sobre planimetría do PEPOCH

O ámbito Rexurbe: xestión.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia ten como un dos seus obxectos de actuación os Conxuntos Históricos declarados BIC.

A Lei establece que este conxunto pode declarar áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Áreas Rexurbe) para aqueles Conxuntos Históricos que se atopen en proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental, con situación demográfica delicadas e coa existencia de graves problemas económicos e sociais. Polo que dende o Concello instamos a realización dun Plan de Dinamización que defina as necesidades e prioridades de actuación no conxunto.

O Plan de Dinamización, tal como se expresa na Lei, é un instrumento de planificación dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico.

O Plan de Dinamización ten como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e á rexeneración destes ámbitos.

O Casco histórico de Betanzos, pola súa intrínseca compoñente histórica e debido ao inexorable paso do tempo, foi adaptando a súa morfoloxía aos usos que a sociedade de cada momento foi demandando. Nel entrecrúzanse os usos eclesiásticos, militares, civís, comerciais, residenciais e turísticos. Desta maneira, tamén as actuacións de modernización e renovación urbanas salientáronse nos lugares máis representativos e nos lugares de maior nivel de actividade comercial e residencial.

Non obstante, do estudo pormenorizado da realidade urbana, poboacional e socioeconómica do ámbito detectáronse problemas que son comúns, como a degradación arquitectónica. Este aspecto vén da man doutros factores como

son o envellecemento da poboación que á súa vez trae consigo o peche de comercios locais.

Sen dúbida algunha, a conservación do patrimonio e a recuperación de zonas degradadas teñen unha relación e un impacto directo na mellora da economía local, o fortalecemento do tecido empresarial, o aumento do turismo de calidade, a redución do despoboamento, a creación de oportunidades de traballo e a difusión da cultura.

O Concello de Betanzos ven de apostar por esta liña nos últimos tempos, con actuacións que procuras a mellora de servizos e calidade de vida dos habitantes do ámbito, así como medidas de impulso das actividades económicas e a cultura, como: melloras de accesibilidade en edificios institucionais, rehabilitación enerxética do edificio do Museo das Mariñas, o impulso do mercado de abastos como espazo de interese gastronómico, campañas de promoción do feirón tradicional na Praza Irmáns García Naveira como punto de venda de produtos artesanais, mellora de infraestruturas viarias e de servizos (Soportais Fonte de Unta, Ponte Vella, Rúa Santa María, Rúa Cruz Verde, Rúa Xudeos, etc), despregue de fibra óptica, programas de comunicación e alfabetización dixital, investimentos de fomento do turismo e a cultura (participación na creación da Fundación Globo de Betanzos e redacción do Plan de Sustentabilidade Turística), adhesión da cidade á Rede Europea de Cidades Saudables, redacción do Plan de Mobilidade Sustentable. Tamén, conscientes da importancia do carácter e beneficios que lle confiren outros elementos patrimoniais do contorno, obras de rehabilitación do Parque do Pasatempo, no Carregal, e obras de rehabilitación do Convento de Donas, en As Cascas, e actuacións en infraestruturas e zonas verdes do núcleo urbano que circunda o centro histórico.

Agora, coa declaración de Betanzos como área Rexurbe, faise preciso o desenvolvemento do Plan de Dinamización asociado á súa execución, que vai supoñer unha decidida aposta de futuro pola rexeneración urbana intelixente, sostible e socialmente integradora, permitindo potenciar e afianzar o efecto destes proxectos xa iniciados así como abordar novos retos presentes e futuros.

Co presente Plan de Dinamización preténdese seguir avanzando nesta liña da rexeneración e rehabilitación xa iniciada, establecendo horizontes a curto, medio e longo prazo, e permitindo integrar e ter en conta nas actuacións e medidas propostas, aspectos económicos, sociais, culturais, ambientais, empresariais e tecnolóxicos.

Trátase polo tanto, non so de rehabilitar e recuperar espazos, senón que tamén de darlles contido, de ocupalos, de xerar actividade, de facelos atractivos para a iniciativa empresarial e comercial, así como para as novas xeracións que queiran asentarse no municipio para vivir e/ou levar a cabo a súa actividade profesional no mesmo.

O Plan de Dinamización permitirá a Betanzos coordinar esforzos co resto de administracións públicas e coa iniciativa privada, establecendo un marco estable e integrado, que impulse e axilice as actuacións.

Actualmente, a Oficina Técnica de Rehabilitación do Concello de Betanzos informa, asesora e xestiona a tramitación de axudas, aos particulares que deciden rehabilitar as súas vivendas, de acordo co que establece o Plan Estatal de Vivenda vixente.

O equipo da Oficina é un apoio en todo o proceso de rehabilitación, pola capacidade técnica e a proximidade á cidadanía e residentes.

Xestións que leva a cabo:

- Asesora e informa ao público das actuacións que contempla o Plan de Vivenda que estea vixente.
- Tramita os expedientes e realiza o seguimento técnico de obras do Plan de Vivenda.
- Realiza as visitas técnicas necesarias das actuacións de rehabilitación con axudas autonómicas ou estatais.
- Supervisa os orzamentos.
- Colabora e coordina as accións e programas que desenvolve a Oficina cos departamentos municipais implicados.
- Informa doutras actuacións subvencionables, como as procedentes de programas autonómicos, e orienta na súa tramitación.

Na actualidade estase en proceso de mellora dos medios dispoñibles neste departamento municipal, coa estabilización recentemente finalizada do posto de traballo correspondente ao arquitecto que o dirixe, antes en réxime interino, a actualización continua da plataforma de xestión telématica coa asistencia da Deputación da Coruña, e a próxima renovación de equipos informáticos adecuados aos novos programas BIM e SIX. O servizo conta, ademais, cunha arqueóloga e unha delineante-administrativa.

A Oficina Técnica de Rehabilitación do Concello de Betanzos será o servizo municipal que colaborará co IGVS no exercicio das funcións do Centro de rexeneración urbana de interese autonómico (Centro Rexurbe), que deberá crearse por convenio entre as dúas administracións, e será o punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área. Este centro deberá reunir os estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, os requisitos e a solvencia

técnica que determine o Consello da Xunta por acordo, de conformidade co artigo 70 Lei 1/2019, do 22 de abril.



OBXECTO E CONTIDO DA MEMORIA

A finalidade do presente documento é a redacción dun Plan de Dinamización para a área Rexurbe do Concello de Betanzos no que se inclúen os cinco bloques, tal como se indica dende o IGVS.

Así os bloques a considerar serían os seguintes:

Bloque I – Análise e diagnose do ámbito.

Bloque II – Análise DAFO e obxectivos.

Bloque III – Liñas estratéxicas de actuación.

Bloque IV – Memoria de viabilidade económica.



BLOQUE I - ANÁLISE E DIAGNOSE DO ÁMBITO

DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

O DOG número 45, do 6 de marzo do 2023, recolle a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 26 de xaneiro de 2023, polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no concello de Betanzos (A Coruña).

Así, no plano que segue achégase esta delimitación, sendo a liña amarela a superficie completa da Área Rexurbe.



Quedando este espazo Rexurbe, como segue:

Superficie do ámbito (s) Rexurbe: 134.839,81 m ² (BIC)	
Área continua ☒ Descontinua ☐	Superficie en km ² : 0,13
Superficie municipio: 24,23 km ²	Superficie Conxunto Histórico: 0,18km ²
Número de edificios: 735	Número de Vivendas: 1.070

Esta delimitación coincide co ámbito do Conxunto Histórico declarado BIC en 1970.

METODOLOXÍA DE TRABALLO.

O estudo e análise da realidade social e demográfica lánzanos unha serie de problemáticas que pechan o círculo co declive económico e o envellecemento dos seus moradores.

Os datos recabados definen unha paisaxe con problemas de gran calado que requiren tomar medidas que reconduzan o rumbo actual.

As estratexias para definir deberán axuntar a posta en valor das fortalezas detectadas no ámbito e encamiñar as accións para consolidar unha renovación en función das oportunidades que a delimitación da área Rexurbe debe brindar.

A metodoloxía basearase en datos obtidos do traballo de campo e consultando bases de datos tanto municipais como doutros organismos.

Como fontes municipais, se utilizan:

- (1) Compilación de información municipal, así como elaboración propia de inventarios e relacións de elementos, pola Oficina de Rehabilitación.
- (2) Elaboración de resumo de datos socio-económicos de pola Coordinación de Servizos Sociais municipais.
- (3) Documentación informativa e estudos previos de avance para a redacción dun novo Plan Especial do Casco Histórico, pola empresa Cotesa, elaborada a instancias do Concello de Betanzos.
- (4) Documento *ANÁLISIS DE LA REALIDAD URBANA Y ESTRATEGIA PRELIMINAR DE REVITALIZACIÓN PARA EL CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS*, elaborado pola empresa *GdT, Consultoría Gallega de Tasaciones y valoraciones S.L.*, contratada polo Concello de Betanzos, como documento para iniciar a solicitude de aprobación da Delimitación da Área Rexurbe de Betanzos.
- (5) Padrón de habitantes.
- (6) Cartografía e planeamento municipal.

Outras fontes:

- Rexistro de Bens de Interese Cultural. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Xunta de Galicia.
- Directorio de aloxamentos turísticos. Axencia de Turismo de Galicia
- Plan de Transporte Público de Galicia (2025).
- Información catastral cartográfica e vectorial. Sede Electrónica del Catastro. Ministerio de Facenda.
- Visor de estatística experimental do INE. Atlas de distribución da renda dos fogares. Instituto Nacional de Estadística (INE).
- Portal inmobiliario IDEALISTA (www.idealista.com)
- Observatorio da vivenda de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). Xunta de Galicia.
- Instituto Galego de Estatística IGE
- www.realadvisor.es
- www.foro-ciudad.com.

Como resultado da avaliación dos datos, defínense varias zonas de actuación que podemos cualificar como prioritarias coa finalidade de articular actuacións conxuntas nestas áreas.

O Plan de Dinamización formula un programa plurianual das actuacións referido á totalidade do ámbito ou a algunhas das súas áreas. Estas actuacións a nivel arquitectónico diríxense a fomentaren políticas de rehabilitación de edificios, vivendas, equipamentos e a mellora do espazo público. Búscase realizar melloras sociais e impulsar a recuperación da actividade económica, o fomento da mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, a procura de atraer novos habitantes e máis a garantía da conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares.

Con todo, articularanse mecanismos para a realización de intervencións localizadas dentro do ámbito do Centro Histórico.



PRESENTACIÓN E ANÁLISE DOS INDICADORES XERAIS

Nos seguintes apartados, na liña do documento estratéxico de inicio, analízanse pormenorizadamente os factores urbanos, poboacionais e socioeconómicos que determinan as actuacións a adoptar:

As principais conclusións amosan:

a) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental.

As cifras presentadas amosan un conxunto con eivas na área arquitectónica, urbanística e, en menor medida, na ambiental, tanto a nivel xeral como en áreas específicas dentro do conxunto histórico, tal como se presentou con anterioridade. A obsolescencia do parque edificado e a falta de conservación de inmobles son os principais.

Nos espazos a considerar Rexurbe estes factores están máis acentuados que no panorama xeral do concello dos indicadores de degradación arquitectónica urbanística ou ambiental.

A maioría dos edificios son anteriores ó ano 1970 nunha porcentaxe superior ó 70%, o que implica que sexan precisas actuacións de renovación, rehabilitación, conservación...

- Un 4,50% dos edificios se atopan en estado ruinoso.
- Un 10,50% se atopa en mal estado.
- Un 25,03 % podemos cualificalos como en estado deficiente e necesitados de intervención para a súa rehabilitación.
- Un 0,41 % se atopan actualmente en estado de rehabilitación, reforma, ou similar.

Todo elo leva a que existen máis de 50 inmobles con necesidades de intervención, xa sexan en estado ruinoso, mal estado ou deficiente.

b) Situación demográfica desfavorable:

O Casco Histórico de Betanzos presenta no século XX o desprazamento de parte da poboación a barrios extramuros, o que se deriva nunha importante perda de poboación e o envellecemento da que se mantén.

Betanzos, no ámbito de estudo, presenta unha elevada media de idade entre a poboación.

Todo isto repercute no urbanismo da cidade co progresivo deterioro dos edificios, posto que non se utilizan e non se conservan, e as dificultades de accesibilidade en moitos deles polas necesidades de adecuación dos mesmos, así como das vías quedan acceso a eles, a persoas con mobilidade reducida en moitos casos.

c) Existencia de problemas económicos e sociais.

A actividade económica no Centro histórico fundaméntase nos locais de hostalería vinculados ao turismo.

A actividade burocrática, administrativa e financeira, atrae aos veciños para realizar xestións no ámbito o que, unido ao turismo, desenvolve un tecido de pequeno comercio vinculado á actividade turística.

As pequenas tendas de proximidade e alimentación que se manteñen son meramente testemuñais e coexisten co Mercado Municipal para abastecer aos veciños do Centro histórico.

Os factores dos apartados anteriores, así como a tendencia á creación de locais comerciais de maiores superficies, contribuíron á desaceleración da taxa de actividade do casco.


Debido ao envellecemento poboacional e ás desigualdades sociais, a proporción de pensionistas é moi alta (entre o 25 e o 29%). Segundo consulta da web experimental do Instituto Nacional de Estatística a renda media por persoa no ano 2019, no ámbito do Centro histórico situábase entre 10.162,10€ e 11.199,00€, cunha boa parte non contributivas e a isto hai que unirle un número importante de xente en risco de exclusión social, así como desempregados.

Por outra banda temos tamén que contemplar o índice de Gini como indicador da media de desigualdade nos ingresos no ámbito do Centro histórico. O dito índice establece un cociente de desigualdade nos ingresos dentro do centro histórico de Betanzos na contorna do 33%, dos máis elevados do termo municipal. Este coeficiente é moi elevado o que nos indica a forte desigualdade existente no Centro histórico que se traduce nas dicotomías dentro das diversas zonas do centro histórico presentando zonas moi deterioradas e en estado de abandono.

Algunhas destas zonas selecciónanse como Áreas Prioritarias para iniciar as actuacións de dinamización.

O envellecemento xeneralizado e a perda de poboación fai que o comercio local estea nunha situación de difícil equilibrio xa que o comercio de proximidade nútrese dos habitantes da vila e do concello e unha perda de poboación implica perda de demanda comercial. E aínda que dende as administracións públicas se está a traballar para potenciar o comercio local e para con iso facer que as novas xeracións aposten pola apertura de negocio en Betanzos e así poder fixar poboación, non é unha tarefa fácil.

Todo isto é indicador de problemas xerais a nivel económico e social que son un aviso dun futuro polas tendencias de envellecemento, despoboación e desaceleración económica.



Concello de
Betanzos

INDICADORES DE DEGRADACIÓN ARQUITECTÓNICA, URBANÍSTICA E AMBIENTAL

1. ANÁLISE URBANO. ESTADO DA EDIFICACIÓN.

O Centro histórico de Betanzos, pola súa intrínseca compoñente histórica e debido ao inexorable paso do tempo, foi adaptando a súa morfoloxía aos usos que a sociedade de cada momento foi demandando. Nel entrecrúzanse os usos eclesiásticos, militares, civís, comerciais, residenciais e turísticos.

Desta maneira, tamén as actuacións de modernización e renovación urbanas salientáronse nos lugares máis representativos e nos lugares de maior nivel de actividade comercial e residencial.

As zonas con edificacións en mal estado que foron producindo un contaxio coas lindeiras, a modo de efecto cachoeira, sumíronse no esquecemento.

As contornas dos edificios máis icónicos e de maior relevancia arquitectónica tratáronse con maior detalle e mantivéronse de maneira máis constante chegando en aceptable estado aos nosos días.

O núcleo da vida social, comercial e administrativa céntrase na praza Irmáns García Naveira. Baixo a praza sitúase o aparcamento soterrado que permite aos cidadáns chegar ao corazón de Betanzos en boas condicións de mobilidade, a pesar de que esta instalación non conta con accesos adaptados a persoas con mobilidade reducida.

Na praza sitúanse edificios de gran porte e que se destinan a día de hoxe a dependencias do Concello, Xulgados e entidades financeiras.

Esta decadencia iníciase nos anos noventa do século XX coa fuxida da poboación residente que o fai acompañada do tecido comercial que tamén se despraza cara á periferia. Tan só permanecen os edificios de carácter relixioso e institucional dando un carácter puramente administrativo ao Centro histórico.

Os días de feira, coa actividade de mercado de produtores locais, mantén a actividade comercial ao mínimo, co Mercado Municipal e a hostalería vivindo da actividade turística.

O 24 de outubro de 2002 delimitase unha Área de Rehabilitación Integral (ARI) que comprende a totalidade do ámbito do Centro histórico, o barrio da Ribeira e os barrios da Madalena e A nosa Señora dos Remedios. Os principais problemas que se detectaron no momento da declaración do ARI foron o frío e a humidade nas vivendas, dimensións pequenas, mala distribución interior e falta de garaxe-aparcamento.

As edificacións residenciais mostran as diferenzas socioeconómicas da poboación de maneira que podemos contemplar a coexistencia de casas señoriais con residencias de burguesía acomodada e con vivendas de clase media con tipoloxía plurifamiliar e con pequenas vivendas de clase traballadora.

As tipoloxías predominantes nos edificios residenciais aglutinar en dous tipos fundamentalmente, as vivendas con balconadas tipo corredor en estrutura de madeira e as edificacións con galería.

O ámbito de estudo que encerra a área delimitada para a solicitude da área Rexurbe ocupa 0,13Km², o que supón un 0,54% da superficie do termo municipal.

Esta zona, que como xa se explicou, inclúese no ámbito total do PEPOCH redactado no ano 1992, sufriu dunha maneira clara unha degradación en canto ao parque edificatorio, en parte debido ao grao de esixencia arquitectónica do propio PEPOCH que se ocupou principalmente da conservación

arquitectónica sen ter en conta outros factores que deben acompañar á iniciativa privada para que esta sexa economicamente atractiva. Desta maneira desde a esfera particular perdeuse o interese por intervir nun ámbito moi encorsetado á hora de acometer renovacións nas edificacións, o que desprazou o interese dos investidores aos novos barrios extramuros.

Dentro da zona marcada como área Rexurbe, localízanse un importante número de inmobles e áreas especialmente necesitadas de intervención xeral para un rehabilitación urbana e social.

Son inmobles que precisan de rehabilitación inmediata por estar a danar inmobles veciños rehabilitados e habitados, e que a súa vez teñen potencial en canto á xeración de emprego, a creación de empresas, atractivo turístico, comercial e/ou residencial.


Trátase en xeral de edificacións moi antigas, e tal como se observa, case ningunha foi sometida a reformas en condicións, o que explica os danos que sofren e o seu estado de deterioro.


Así, ademais da antigüidade, entre os principais problemas detectados co traballo de campo realizado e a posterior análise, destacan a falta de mantemento das edificacións, que moitas se encontran baleiras, sen habitantes, problemas de accesibilidade (chanzos, portas estreitas e non adaptadas, sen ascensor, etc.), problemas de humidades, mal estado das cubertas, carpinterías e vidros en mal estado e pouco eficientes, problemas de estabilidade estrutural, etc.

Densidade de vivendas.

Dentro da área delimitada atopámonos un total de 735 edificios de diversos usos. O número de vivendas é de 1.070 unidades, das que un 60% son de tipoloxía unifamiliar e só un 10% son edificios de máis de 9 vivendas.

A angostura da rede viaria e a escaseza de espazos libres fan que a malla urbana sexa compacta e densa.





Densidade e tipoloxías de vivendas. Fonte (2)

Antigüidade do parque edificado.

A maioría dos edificios que a día de hoxe ocupan o centro histórico de Betanzos son anteriores a 1930 nunha porcentaxe superior ao 75%. Os edificios anteriores ao ano 1800 son escasos e pertencentes ao ámbito relixioso.

Alugueiro de vivendas

Dentro do centro histórico atopámonos un 25,14% de vivendas baleiras. O prezo medio do alugueiro no centro histórico para un apartamento é de 450€/mes e para unha casa completa como vivenda unifamiliar sitúase no 550€/mes. Estes prezos non sufriron apenas variación no últimos cinco anos.

Estado de conservación dos edificios.


Dentro do centro histórico de Betanzos atopamos un 4,50% de edificios en estado ruinoso, salpicados, fundamentalmente, pola periferia do ámbito, próximos ou en colindancia coa muralla.

Un 10,50% atópanse en mal estado, acentuando a súa localización nas tres áreas prioritarias descritas anteriormente.

Un 25,03% podémoslo cualificar como edificios en estado deficiente e necesitados de intervención para a súa rehabilitación.


Estes tres grupos suman un 40,28% de edificios á espera de rescate.

Tan só un 0,41% atópanse en construción nestes momentos, o que indica o dificultoso de acometer obras na zona polo incómodo do acceso, as dificultades técnicas de traballar nunha contorna inmediata deteriorada e os impedimentos administrativos ao ter que sufrir longos procesos de tramitacións con diversos organismos.



Estado de conservación da edificación no ámbito. Fonte (2)

Xúntase Anexo 1 con listado de inmuebles e estado de conservación.



Evolución do estado da edificación no ámbito. Fonte (2)


Servizos dispoñibles nos edificios.

Todos os edificios dispoñen dos servizos urbanos de subministro eléctrico, abastecemento e saneamento municipais, alumeadado público e recollida de lixo, así como posibilidade de acceso a redes de telecomunicacións de telefonía. Actualmente estanse levando a cabo varios procesos de despregamento de redes de fibra óptica.

A rede de subministro de gas está dispoñible únicamente en certos inmobles do perímetro e da zona de protección do Centro Histórico.

Detéctanse de xeito xeneralizado problemas de accesibilidade (chanzos, portas estreitas e non adaptadas, sen ascensor, etc.).

Fonte planos de redes (2)



2. ESTADO DO PATRIMONIO.


A maior parte dos edificios existentes no centro histórico gozan dalgún grao de protección patrimonial. Aproximadamente o 55% dos edificios do centro histórico atópanse catalogados, do mesmo xeito que a Muralla e os escudos da Casa do concello.

Dentro dos edificios catalogados, tan só tres contan con protección Monumental, a igrexa de Santa María do Azougue, a igrexa de San Francisco e a igrexa de Santiago, así como a muralla, o conxunto histórico e os escudos da Casa do concello, mencionados previamente.


A protección de carácter Integral recolle ao resto de edificios públicos principalmente e edificios residenciais de maior porte ou conxuntos tipolóxicos.

As proteccións de carácter estrutural e ambiental ocúpanse da maior parte dos edificios catalogados.

Non se recollen no Catálogo elementos do patrimonio intanxible.



Catalogación de inmuebles e niveis de protección. Fonte (2)



3. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS.

Edificios públicos dentro do ámbito. Xeral.

A importante actividade administrativa e cultural que se mantén no Centro histórico de Betanzos é unha das fortalezas que manteñen a actividade.

Os máis importantes son o Concello, con varias dependencias aloxadas en diversos inmuebles, Xulgados, Axencia Tributaria, Oficina de Turismo, Centro Cultural San Francisco, Fundación CIEC, Fundación ABANCA, Cruz Vermella, Biblioteca Municipal e Museo das Mariñas, Conservatorio Municipal, Mercado Municipal e Escola Infantil Municipal.

Equipamentos culturais e deportivos

Centro Cultural San Francisco. Centro de interpretación dela Estampa contemporánea, Fundación CIEC. Situado na Praza da Constitución, estado de conservación aceptable.

Museo das Mariñas. Situado no Convento de Santo Domingo. Museo etnográfico indispensable para entender o noso pasado histórico. Abriu as súas portas no 1983 no edificio do antigo convento de Santo Domingo. Estado de conservación bo.

Palco da Música. Estado de conservación moi bo.

Equipamentos social-asistenciais

Casa da Mocidade. Situada no cruzamento da Rúa Valdoncel con Rúa Linares Rivas, no límite do Conxunto Histórico. É unha dotación do a Xunta de Galicia con actividades especialmente dirixida á xuventude.

Sede da Cruz Vermella, na Rúa Linares Rivas, sita nun edificio catalogado de interese arquitectónico no contorno do CH, en bo estado de conservación.

Centro social antigo matadoiro. Esta dotación sitúase no edificio do antigo matadoiro situado na travesía a Mariña xunto ao grupo de residencial Brigantium. Nel desenvólvense concertos e actividades diversas. Sitúase no restaurado antigo Matadoiro Municipal, que é un edificio de alto interese patrimonial. A súa localización, na zona de protección do ámbito, é moi positiva para manter o pulso vital do centro histórico.

Albergue do Camiño de Santiago. Na rúa Peixaría nun edificio de interese patrimonial “*Casa dá Peixaría*” sitúase o albergue de peregrinos do camiño. Teñen un total de 32 prazas.

Mercado municipal. Entre as rúas San Francisco e Peixería, actualmente en proceso de rehabilitación.

Equipamentos administrativos

Localizados na Praza Irmáns García Naveira, próximos ao Casco Histórico:

Concello (Edificio Liceo). É a nova sede municipal. Nela sitúase alcaldía e a maior parte das dependencias municipais.

Xulgado de primeira instancia. En estado de conservación moi bo.

Sede xudicial tamén de xulgado de instrución. Estado de conservación excelente.

Na Praza da Constitución:

Antiga Casa do Concello. Sede histórica do Concello sitúanse sedes administrativas municipais e de atención ao cidadán, incluída a Oficina de Rehabilitación. Estado de conservación bo.

Sede da Axencia tributaria, de titularidade estatal. Estado de conservación aceptable.

Equipamentos educativos

Escola Infantil municipal. Sitúanse nas Escolas Jesús García Naveira construídas como legado tras a súa morte, nun edificio eclectista posmodernista con forte carga historicista proxectado en 1917 polo arquitecto González Villar. Estado de conservación bo.

Conservatorio municipal. Localizado na Rúa Cabildos, xusto enfrente da Escola infantil, acolle ensinanzas artísticas. Estado de conservación moi bo.

Equipamentos relixiosos


Igrexa de San Francisco, en bo estado de conservación e Igrexa de Santa María de Azogue, con obras en curso de reparación de cuberta e conservación de fachada. Ambas agrupadas no corazón

do recinto amurallado. En bo estado de conservación xeral, a igrexa de Santa María do Azougue é obxecto actualmente de obras de conservación.

Igrexa de Santiago, na Praza de Constitución, en bo estado de conservación.

Convento de Agostiñas Recolectas, xunto ao río Mendo, na Porta da Ponte Vella, con acceso desde a rúa Fonte de Unta.

Igrexa e Convento de Santo Domingo, presidindo a Praza Irmáns García Naveira.



Zonas Verdes e Espazos Libres.

Existe unha nula oferta de zonas verdes e os espazos libres concréntanse en seis prazas que son a praza Irmáns García Naveira, a praza da Constitución, a praza de Fernán Pérez de Andrade, a Alameda José Veiga Roel, a Praza de Galicia e a Praza de Domingo Etcheverría Naveira.

De acordo con os usos principais que caracterizan o mesmo categorízase no seguinte plano o viario e espazo público diferenciando as seguintes situacións:

a) Os parques e xardíns existentes

A práctica inexistencia de parques e xardíns no centro histórico fai cobrar importancia ao sistema do ámbito que o rodea: conformado por un anel que inclúe o paseo do dique é un parque aberto aos ríos, que abraza o centro histórico a ambas as beiras e permite percorrer un espazo aberto. As dúas pasarelas e as pontes históricas enlazan este anel co parque da Ribeira e mediante o paseo Ramón Beade co parque do a Estación e co Peirao de Betanzos. Polo paseo Galera e a Praza Alfonso IX enlaza ata a gran praza organizadora. Por outra banda o paseo desenvolto á beira do río Mandeo serve de ligazón rodeando o convento ata a rúa do Pozo.

b) As áreas estanciais de referencia

Considérase como tales os espazos fundamentais da identidade local:

A veciña Praza dos Irmáns García Naveira, fóra do ámbito, pero corazón da actividade.

A Praza da Constitución, praza histórica municipal do centro amurallado

A Praza de Fernán Pérez de Andrade “O Bo”, que agrupa elementos de arquitectura popular de interese, a pétrea presenza de Santa María do Azougue e o seu cruceiro, e a ábsida do complexo de San Francisco, todo iso nun espazo aberto cara á paisaxe, coa localización do mercado municipal, todo iso conforman como un espazo de referencia para os brigantinos.




4. MOBILIDADE URBANA E ACCESIBILIDADE.

O Casco Histórico de Betanzos se enclava nun outeiro que ocupaba o Castro de Untia. Isto fai que a súa orografía presente dificultades para a mobilidade.

As rúas que discorren de forma radial cara á muralla contan con pendentes pronunciadas e moitas delas desenvólvense con escaleiras.

As vías principais que parten da praza Irmáns García Naveira como son a rúa Castro, a rúa Nova e a rúa Travesas articulan a accesibilidade vehicular e peonil. Finalmente de maneira perimetral desenvólvense a rúa Hórreo e a rúa Preto percorrendo o trazado da muralla.



Esquema de mobilidade rodada

Tránsito de vehículos a motor

Os fluxos de tránsito de transporte motorizado supoñen un condicionante funcional de amplas consecuencias. Envorcouse sobre o plano anterior, a modo de esquema, eses fluxos motorizados e as súas respectivas intensidades. Destacar os seguintes aspectos:

a) A travesía da N-651 que procede da Avenida de Castela e atravesa a Praza para chegar ata a Posta dá ponche nova onde enlaza sobre o río co trazado delas N-VI. Por outra banda a N- 651 dá a

volta polo norte na Mariña desdobrada por sentidos entre a rúa A Ribeira e o paseo do Malecón. Volver unir ambos os sentidos xunto a Pórtaa do cristo nun tramo ata o Ponche Vello onde cruza o río e sae da cidade histórica. É un tramo de alta intensidade e complexo para o espazo público. As dúas ligazóns son nodos complexos.

b) O sistema viario rodado de acceso ao interior do recinto amurallado, soamente pode ser restrinxido. Hai unha serie de rúas que asumen esa posibilidade (Rúa do Castro, Rúa Nova, Rúa Torre, Rúa Travesa, Rúa Prateiros, Rúa Cabildos, Rúa San Francisco, Rúa Azougue, Rúa Roldán, Rúa Ferreiros), que está fortemente condicionada polos puntos de acceso ao interior da muralla.

c) Ao recinto accédese por Porta da Vila e pola Rúa Prateiros e rúa Travesa ata a Praza O Bo, e por rúa San Francisco ata a Porta da Ponte Nova (saída complexa polas súas dimensións). Tamén hai unha saída directa pola baixada de Rúa Cabildos ata Rúa da Ribeira.

d) A outra opción é por rúa Nova e rúa Torre que permite acceder por Rúa Santiago ata case a praza da Constitución para saír por rúa Peixaría ata o eixo de Rúa Ferreiros ata de novo a Porta da Ponte Nova.

f) O aparcamento da Praza irmáns García Naveira ten unha posición moi accesible desde o exterior da cidade e é moi próximo a calquera lugar do centro urbano. Existen outras prazas de aparcamento no paseo Malecón e a súa contorna. Non obstante, o número de prazas é insuficiente para cubrir a demanda existente no contorno do centro histórico, polo que o aparcamento dispoñible na zona do Carregal, localizado no ámbito do paseo fluvial, resulta clave neste sentido.

As rúas e espazos nos que predomina o uso de viario rodado: Definiuse no plano como tales o anel que conforma a travesía da N-651. É un elemento sobre o que se actuou para a súa integración urbana, con todo segue tendo tramos conflitivos. O seu tramo na Praza Irmáns García Naveira está ben resolto. Con todo hai serios conflitos na Porta da Ponte Vella, e fronte a Porta da Ponte Nova, con cruces e alta densidade de tráfico. Así mesmo a rúa Ribeira viuse sometida a un uso rodado moi intensivo que degradou as súas plantas baixas.



Problemas de dimensións para acoller tránsito de vehículos grandes na Porta da Ponte Nova

Mobilidade peonil

Defínese no plano de mobilidade:

As rúas e espazo nos que predomina o uso peonil. Son aqueles espazos nos que por ser moi restrinxido ou minoritario o uso motorizado, predomina o peonil pero asume algunha papel na accesibilidade rodada do centro histórico.

Os espazos peonís. Son rúas nos que o acceso dos vehículos está prohibido ou moi restrinxido a horario de carga e descarga ou accesos puntuais de residentes. Comprende un bo conxunto de rúas con escaleiras transversais á pendente.

Inventario de vías do Casco Histórico segundo o seu grao de degradación:

Estado de conservación malo: Pastelería, Irmandiños, Ribeira, Alfolí, Porta do Hórreo, Hórreo, Mariña, Pozo, Venela do Campo, Valdoncel, Fonte de Unta.

Estado de conservación aceptable: Travesía da Torre, Prateiros, 1ª Venela de Clérigos, 2ª Venela de Clérigos, Desengano, Noas, Porta do Hórreo, Hórreo, Nova, Rúa Santiago, Soportais Fonte de Unta, Ánxeles.

Bo estado de conservación: Santa María, Sombrereiros, Cortaduría, Lanzós, Cañota, Cerca, Cristo, San Francisco, Pastel, Ouro, Pinche, Ferreiros, Travesa, Castro, Roldán, Quiroga, Praza da Constitución, Praza do Cristo, Porta da Vila, Cantón de San Roque, Cabildos, Praza de Galicia, Linares Rivas, Ferradores, Paseo da Tolerancia.

Adecuación a Accesibilidade Universal

O Casco Histórico de Betanzos se enclava nun outeiro que ocupaba o Castro de Untia. Isto fai que a súa accidentada orografía presente dificultades para a mobilidade.

As rúas que discorren de forma radial cara á muralla contan con pendentes pronunciadas e moitas delas desenvólvense con escaleiras (Sombrereiros, Ouro, Pastelería, Pinche, Pastel, Venela de Clérigos, Desengano, Torre, Travesía Lanzós, Porta do Hórreo...).

As vías principais que parten da praza Irmáns García Naveira como son a rúa Castro, a rúa Nova e a rúa Travesas, articulan a accesibilidade vehicular e peonil, debido as súas pendentes máis suaves e perfís de máis amplitude. De maneira perimetral desenvólvense a rúa Hórreo e a rúa Cerca percorrendo o trazado da muralla, máis estreitas e con circulación mixta peonil e de vehículos.

Transporte público interurbano

O Concello conta con conexión interurbana mediante o servizo de autobuses das rutas XG635: A Coruña-Lugo- A Mariña, con Anexos, XG639- Termos municipais de Pontedeume, Cabanas, Vilarmar, Irixoa e Monfero, XG817- Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos, XG843- A Coruña- Ferrol- Ortigueira- Viveiro- Vilalba- Lugo, con anexos, XG846- Sur da comarca de Betanzos, XG871- Norte da comarca de Betanzos, sur da de Ferrol e oeste da do Eume, XG881- Leste da comarca da Coruña, con parada na entrada do Centro Histórico sita no Cantón de San Roque chamada "Betanzos praza".

Calendario e horarios da ruta XG63500401 A Coruña E.A. - Guitiriz - Lugo E.A., segundo Plan de Transporte Público de Galicia (2025):

CALENDARIO E HORARIOS****IDA**

Día/s***	Tempada	Saída	Chegada
S (Non festivos)	12Mes_Anual	08:50	10:58
Diario (Todos)	12Mes_Anual	11:00	13:08
LMMcXV (Non festivos)	12Mes_Anual	15:00	17:08
LMMcXV (Non festivos)	12Mes_Anual	17:00	19:08
LMMcXV (Non festivos)	12Mes_Anual	19:00	21:08
SD (Todos)	12Mes_Anual	20:00	22:08
LMMcXV (Festivos)	12Mes_Anual	20:00	22:08

VOLTA

Día/s***	Tempada	Saída	Chegada
LMMcXV (Non festivos)	12Mes_Anual	08:30	10:38
LMMcXV (Festivos)	12Mes_Anual	11:00	13:08
SD (Todos)	12Mes_Anual	11:00	13:08
LMMcXV (Non festivos)	12Mes_Anual	15:00	17:08
LMMcXV (Non festivos)	12Mes_Anual	17:30	19:38
SD (Todos)	12Mes_Anual	21:00	23:08
LMMcXV (Non festivos)	12Mes_Anual	21:15	23:23

O Plan de Mobilidade Urbana Sustentable (PMUS)

A mobilidade é fundamental nas políticas urbanas debido ao crecemento das cidades nas últimas décadas e á complexidade dos usos do solo para as actividades socioeconómicas e produtivas que demanda a poboación.

A planificación dos sistemas de transporte (infraestruturas e servizos) constitúen a base sobre a que se fixan as directrices de desenvolvemento urbano e cuxa definición incide moito na calidade de vida dos cidadáns, xa que un modelo de transporte sostible, eficiente e accesible reduce as desigualdades existentes no territorio e entre as clases sociais.

A mobilidade urbana é un dos elementos fundamentais das políticas urbanísticas. Por iso é necesario garantir un sistema de transporte público eficiente, fiable e seguro para os seus habitantes.

Coñecendo a importancia da mobilidade para acadar o obxectivo de conseguir cidades máis sostibles, que combatan a conxestión e a contaminación, a planificación urbanística debe, por tanto, centrarse no peón e no fomento do transporte público, reducindo así as distancias e as necesidades de transporte.

Nestes dous aspectos fundamentais, a mobilidade eficiente e a redución da distancia, baséase o Obxectivo Estratéxico 5 da Axenda Urbana Española: Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible.


Este enfoque da planificación da mobilidade na cidade de Betanzos dende a perspectiva da Axenda Urbana Española realizouse fundamentalmente a través dun documento, a revisión do Plan de Mobilidade Sostible (PMUS) do Concello de Betanzos 2021 (o cal non conta aínda con aprobación plenaria), que constitúe o instrumento de planificación da mobilidade supramunicipal en Betanzos e a súa contorna, fixando as directrices, criterios, obxectivos temporais e propostas estratéxicas

encamiñadas a vertebrar un sistema colectivo de transporte público e mobilidade de ámbito metropolitano, multimodal e integrado.

ANÁLISE DOS INDICADORES DEMOGRÁFICOS


Este estudo acométese mediante análise de datos estatísticos das fontes xa citadas. Con todo, con obxecto de protexer os datos, e de forma acorde coa súa calidade (a numeración de policía produce incoherencias coa numeración do parcelario que achega catastro), optouse por traballar as masa de poboación por mazá. A entidade de mazá permite avaliar a densidade de poboación por superficie.

Segundo os datos publicados polo INE a 1 de Xaneiro de 2024 o número de habitantes en Betanzos é de 13.261, 179 habitantes mais que o no ano 2023. No gráfico seguinte pódese ver esta evolución.




Actualmente a densidade de poboación en Betanzos é de 547,72 habitantes por Km². O estudo de densidades por distritos no tempo, amosa que Casco Histórico de Betanzos presenta no século XX o desprazamento de parte da poboación a barrios extramuros, o que se deriva nunha importante perda de poboación e o envellecemento da que se mantén:


Diligencia -
Para facer constar que o presente documento,
foi aprobado en XGL del 9 de julio de 2026.
Betanzos, xullo de 2026
O Secretario



Pirámide poboacional do termo municipal: a seguinte imaxe amosa un envellecemento progresivo da poboación cun baixo número de habitantes menores dos 25 anos.





A media de idade da poboación en Betanzos é de 47 anos cunha evolución á alza. Por outra banda e deténdonos no detalle da media de idade da poboación no Centro histórico podemos observar no gráfico seguinte como o envellecemento dentro do ámbito que nos ocupa podemos cualificalo de evidente se non de preocupante.




A poboación do Centro histórico é en xeral unha poboación envellecida e este dato corrobórase pola baixa porcentaxe de poboación infantil e xuvenil, menor de 18 anos. O INE establece unha porcentaxe entre o 1% e o 13% de poboación menor de 18 anos, así como unha porcentaxe entre o 25% e o 29% de habitantes maiores de 65 anos.

Tendo en conta este dato, é evidente que a porcentaxe de pensionistas é moi elevado.


Diligencia -
Para facer constar que o presente documento,
foi aprobado en XGL del 9 de julio de 2026.
Betanzos, xullo de 2026
O Secretario



A renda media no termo municipal achégase aos 25.000€ anuais. Aínda que é certo que no ámbito da área de estudo é inferior de maneira significativa dado que predomina o perfil de pensionista.



Segundo o desprendido da web experimental do Instituto Nacional de Estatística a renda media por persoa no ano 2019, no ámbito do Centro histórico situábase entre 10.162,10€ e 11.199,00€. A renda media por fogar neste ámbito oscila desde los 13.605,40€ hasta los 23.060,50€




Por outra banda temos tamén que contemplar o índice de Gini como indicador da media de desigualdade nos ingresos no ámbito do Centro histórico.

Este coeficiente é moi elevado o que nos indica a forte desigualdade existente no Centro histórico que se traduce nas dicotomías dentro das diversas zonas do centro histórico presentando zonas moi deterioradas e en estado de abandono.

Algunhas destas zonas elixirémolas como Áreas Prioritarias para iniciar as actuacións de dinamización.

O índice Gini establece un cociente de desigualdade nos ingresos dentro do centro histórico de Betanzos na contorna do 33%, dos máis elevados do termo municipal.



Poñendo o foco no Casco Histórico, procédese a avaliar de forma pormenorizada o número de vivendas por parcela no ámbito de estudo, esta xestión de datos pode achéganos a estimación dunha media de habitantes por vivenda, aínda que promediando por mazás.

No plano seguinte reflíctese:


Representando por unha escala de cor de fondo e promediados por mazás: o número de habitantes por vivenda.

Representado por círculos proporcionais, o número de persoas empadroadas por mazá. Apuntar que se trata do total das vivendas, en uso ou non, polo que este cociente non reflicte exclusivamente o tamaño do fogar senón que ten en conta reflicte a cantidade de vivendas que existan.


Aínda que se dispón de cifras máis detalladas por portal considérase que con obxecto de protexer a privacidade agrupáronse para a súa explotación de forma agrupada (por mazás).

Betanzos, no ámbito de estudo, presenta unha media de idade entre a poboación elevada.

Todo isto repercute no urbanismo da cidade co progresivo deterioro dos edificios, posto que non se utilizan e non se conservan, e as dificultades de accesibilidade en moitos deles polas necesidades de adecuación dos mesmos, así como das vías quedan acceso a eles, a persoas con mobilidade reducida en moitos casos.



Concello de
Betanzos



Resultados relevantes:

O Casco Histórico de Betanzos presenta no século XX o desprazamento de parte da poboación a barrios extramuros, o que se deriva nunha importante perda de poboación e o envellecemento da que se mantén.

Hai serias diferenzas de densidade de habitantes por vivenda existente en zonas moi centrais.

Hai zonas case abandonadas (contorna de rúa Pastel, rúa Sombriereiros, etc).

No barrio novo de Mariñas os bloques con tipoloxía de maior altura (grupo Brigantium) e fronte ao leste, están máis habitados con tamaños familiares maiores e con número absoluto relevantes.

Existen algunhas distorsións significativas en mazás do recinto amurallado nas que apareceron tipoloxías plurifamiliares dá alta densidade (rúa Irmandiños , con rúa Nova).


ANÁLISE DOS INDICADORES SOCIOECONÓMICOS

A actividade económica no Centro histórico fundaméntase nos locais de hostalería vinculados ao turismo.

Segundo o Rexistro de aloxamentos turísticos da Xunta de Galicia, o termo municipal dispón de 6.298 prazas de aloxamento, en diferentes categorías. O Camiño de Santiago Inglés é, sen dúbida, un dos motores do turismo internacional na vila.

A actividade burocrática, administrativa e financeira, atrae aos veciños para realizar xestións no ámbito o que, unido ao turismo, desenvolve un tecido de pequeno comercio vinculado á actividade turística.

As pequenas tendas de proximidade e alimentación que se manteñen son meramente testemuñais e coexisten co Mercado Municipal e a Feira bisemanal para abastecer aos veciños do Centro histórico. Existe tamén un mercado ambulante de produtos agrícolas, que se celebra todos os martes e xoves na praza Irmáns García Naveira.



Directorio de aloxamentos turísticos Concello de Betanzos en novembro 2024. Xunta de Galicia.

TIPO	CATEGORIA	ESTABLECEMENTOS	HABITACIONS	PAZAS
Albergues turísticos	Albergue de peregrinos do Camiño de Santiago	1	2	16
Albergues turísticos	Albergue público Xacobeo	1	0	36
Albergues turísticos	..	1	6	34
Apartamentos turísticos	Unha chave	1	0	12
Hoteis	Dúas estrelas	1	22	39
Hoteis	Tres estrelas	1	30	52
Pensións	Unha estrela	5	37	76
Vivendas de uso turístico	..	61	160	314
				579


Directorio de actividades turísticas de restauración Concello de Betanzos en novembro 2024:

signatura	denominacion	tipologia	direccion
R-CO-003427	A COVA DO FRADE	Restaurantes	Rúa SAN FRANCISCO, 8 BAIXO
R-CO-004179	A VEGA COMER Y PICAR	Restaurantes	DO CASTRO nº 8
R-CO-003012	ALAMEDA PICCOLA	Restaurantes	LinaresRivas, 14
R-CO-003388	AVENIDA	Restaurantes	Estr. de Castela, Rúa Venezuela, 44
R-CO-001434	CASA ESTRADA	Restaurantes	Lg. INFESTA
R-CO-002713	CASANOVA	Restaurantes	RÚA DOS FERRADORES, 21 BAIXO
R-CO-002035	CHIMICHURRI	Restaurantes	Roibeira,44
R-CO-002066	CHO COMER & BEBER	Restaurantes	ANGELES nº 3, andar BJ
R-CO-002040	EL ARROZAL	Restaurantes	JESUS GARCIA NAVEIRA nº 6
R-CO-000114	LA CASILLA	Restaurantes	ESTDA. DE CASTELA
R-CO-002785	MESÓN LODEIRO	Restaurantes	Tr. do Progreso, 12
R-CO-002505	MESÓN O PASATEMPO	Restaurantes	As Mariñas, 23
R-CO-003690	MESON 1801	Restaurantes	Guillalde nº 63
R-CO-003454	MOZA CRECHA	Restaurantes	Rúa ALFOLI nº 7 letra EZ
R-CO-001323	NOVO PIRRI	Restaurantes	Rúa VALDONCEL nº 3
R-CO-001495	O QUE FALTABA	Restaurantes	De los Ángeles, 28
R-CO-003214	OS ARCOS	Restaurantes	Rúa Do Rollo, 6
R-CO-004029	PARRILADA CARLOS	Restaurantes	Lg. Guiliade 85
R-CO-003394	PIZZA TUTTO	Restaurantes	Alexandre Bóveda nº 6, Baixo
R-CO-001406	RESTAURANTE SINUESSA	Restaurantes	DE CASTILLA nº 18, andar BAJO
R-CO-002555	SAN ANDRÉS	Restaurantes	RÚA OS ÁNXELES, 4
R-CO-004452	TERNERA GRILL	Restaurantes	Pr. DE LOS ANGELES nº 26-28
V-CO-017504	A PITA CEGA	CafeBar	AVDA. JUAN GARCÍA NAVEIRA, S7N -LC 1-2
V-CO-017784	A TINERIA	CafeBar	FERRADORES nº 19
V-CO-003796	A TU VERA	CafeBar	Rúa RIBERA, 101 BAIXO
V-CO-014764	A vaca tola	CafeBar	Av CASTILLA nº 107
V-CO-012420	ADEGA DO PINO	CafeBar	Rúa CAÑOTA 9

V-CO-014429	ADEGA LASTRAS	CafeBar	RÚA QUIROGA, 5 BX
V-CO-011521	BAR GALICIA	CafeBar	RÚA VENELA DO CAMPO, 6
V-CO-012090	BAR LAMBADA	CafeBar	RIBEIRA nº 89
V-CO-010677	BETANZOS	CafeBar	Rúa PADRE FRANCISCO BLANCO, 2 BAIXO
V-CO-019132	BODEGA RIVAS	CafeBar	AVENIDA LINARES RIVAS nº 4
V-CO-015957	BODEGAS BARRAL	CafeBar	RÚA MAGDALENA, 12
V-CO-020153	BURGUER CITY	CafeBar	FONTE DE UNTA nº 1 letra BAJO
V-CO-019135	CAFÉ BANCA	CafeBar	RÚA CASTRO nº 2
V-CO-017478	CAFE BAR AVENIDA	CafeBar	VENEZUELA nº 44
V-CO-018568	CAFE BAR JENNY	CafeBar	FONTE DE UNTA nº 22, andar BX
V-CO-020184	CAFE BAR LA RIA	CafeBar	MARINA nº 40, andar BJ
V-CO-017942	CAFÉ-BAR TAPERÍA CAPRICHIO	CafeBar	PINTOR SEIJO RUBIO nº 4-6
V-CO-001173	CAPITOL	CafeBar	PRAZA HERMANOS GARCIA NAVEIRA 10 BETANZOS
V-CO-017550	CASA CARMEN	CafeBar	RUA FONTE DE UNTA, 12
V-CO-020134	casa carmen	CafeBar	Fonte de Unta nº 10
V-CO-019538	CASA DO QUEIXO DE BETANZOS	CafeBar	RUA ROLDAN nº 1
V-CO-006468	CASA ESTRADA	CafeBar	Lg. INFESTA BETANZOS
V-CO-008168	CASCAS	CafeBar	Rúa CASCAS nº 5, andar BX
V-CO-015979	CERVECERIA M-G	CafeBar	PRAZA PEPITO ARRIOLA nº 2, andar BAJO
V-CO-016207	CERVEXERIA AS GALERAS	CafeBar	PASEO DA GALERA, PORTAL 3 LOCAL 2
V-CO-017806	CEYLAN	CafeBar	Pr. constitución nº 4
V-CO-008329	CHEIÑO	CafeBar	Rúa VENEZUELA 35
V-CO-018933	CHO BETANZOS	CafeBar	Rúa ANXELES nº 3
V-CO-015433	CHURRERIA AMY	CafeBar	RÚA ROLLO, 36
V-CO-010851	DIMI	CafeBar	RúaPINTOR SEIJO RUBIO 5 BAIXO
V-CO-017216	EL CAFE DE SEGUNDO	CafeBar	AVDA. JESÚS GARCÍA NAVEIRA nº 29, andar BX
V-CO-018520	EL HISTORICO	CafeBar	Rúa SANTIAGO nº 2, andar BX
V-CO-017964	EL IBERICO	CafeBar	FERRADORES nº 31, andar B
V-CO-015463	EL MUSICO	CafeBar	2ª TRAVESIA DE LA MARINA Nº 89
V-CO-002315	EL PARQUE	CafeBar	ARGENTINA nº 2, andar BJ
V-CO-017604	ESMORGA	CafeBar	Rúa ROLLO, 34 BX.
V-CO-012089	EUROPA	CafeBar	ROLLO, 15
V-CO-008615	GARCIA	CafeBar	RúaMONTELLOS, 32
V-CO-018302	HORNO SANBRANDAN	CafeBar	MESTRE JOSE DAPENA nº 4, andar B
V-CO-008460	JAITEIRO	CafeBar	PASEO DO MALECÓN, 12
V-CO-002853	KIKO	CafeBar	RúaRIBERA nº 107, andar BJ
V-CO-014790	KUTAKO	CafeBar	VENELA DO CAMPO nº 5, andar BJ
V-CO-019701	LA TRAVESIA	CafeBar	TRAVESIA PROGRESO nº 14
V-CO-008422	LA CANTINA	CafeBar	RúaPLAZA DE LUGO 8-9
V-CO-017207	LA ESQUINITA	CafeBar	ALEXANDRE BOVEDA nº 2, andar BJ
V-CO-019139	LA GOLETA	CafeBar	TRAVESIA PROGRESO nº 1, andar BJ
V-CO-012704	LA NUEVA INTERNACIONAL	CafeBar	DOMINGO ETCHEVERRIA NAVEYRA nº 1, andar B
V-CO-005047	LA RIA	CafeBar	RúaMARINA 50
V-CO-009665	LA RIBERA	CafeBar	RúaRIBERA 78

V-CO-014444	LANZÓS	CafeBar	Rúa Lazos nº 21
V-CO-018900	L.L.	CafeBar	Rúa CORAL POLIFONICA nº 1, andar BAIXO
V-CO-011625	LODEIRO	CafeBar	Rúa PRAZA GARCIA NAVEIRA 9
V-CO-001172	LOLO	CafeBar	FERRADORES nº 17, andar BJ
V-CO-018833	LOS PICAPIEDRA	CafeBar	Rúa CRUZ VERDE nº 3, andar BJ letra 3
V-CO-019222	MALO SERA SHISHAS	CafeBar	AVENIDA ROSALIA DE CASTRO nº 9, andar BAJO letra 3
V-CO-000905	MIRANDA	CafeBar	1ª TRAV. DO PROGRESO 5
V-CO-019525	MRK ISTAMBUL DONER KEBAP	CafeBar	RUA FONTE DA UNTA nº 1, andar BJ
V-CO-005034	MUIÑO ROXO	CafeBar	Rúa Úrsula Meléndez de Texeda nº 1, andar baixo
V-CO-018666	NEW YORK DONER KEBAB	CafeBar	Rúa Cruz Verde nº 3, andar Baixo
V-CO-003694	NEW YORK DONER KEBAB	CafeBar	CRUZ VERDE nº 1, andar BJ letra C
V-CO-018665	O RONCON	CafeBar	Rúa SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA nº 1, andar BX
V-CO-017266	O CANDIL	CafeBar	RÚA DA CAÑOTA, 15, BAIXO
V-CO-019828	O CARRO	CafeBar	LUGAR CASTRO PONTELLAS nº 60
V-CO-015551	O CRUCEIRO	CafeBar	EMILIA PARDO BAZAN 2-CONCEPCION ARENAL 7
V-CO-019125	O CURRUNCHO	CafeBar	TRAVESIA DO PROGRESO nº 11
V-CO-016921	O NOSO LAR	CafeBar	Rúa VENELA DO CAMPO nº 5
V-CO-017686	O NOSO RECUNCHO	CafeBar	Tr. DO PROGRESO nº 17
V-CO-013524	O PASATEMPO	CafeBar	AVDA. AS MARIÑAS, 23 BAIXO
V-CO-002812	O PAXEIRO BY JENNY	CafeBar	SOPORTALES FONTE DO VAL nº 3
V-CO-002996	O POTE	CafeBar	Tr. DO PROGRESO nº 9, andar BJ
V-CO-014543	O PROGRESO	CafeBar	TRAVESÍA DO PROGRESO, 19
V-CO-006608	O QUE FALTABA	CafeBar	PLAZUELA ANGELES Nº 26-28
V-CO-015158	ONZE	CafeBar	FONTE DE UNTA nº 8, andar BJ
V-CO-018526	PARRILLADA CARLOS	CafeBar	LUGAR GUILIADE nº 85, andar BX
V-CO-018121	PLAZA	CafeBar	CARRETERA DE CASTILLA nº 2, andar BX
V-CO-019762	PUB AMNESIA	CafeBar	PINTOR SEIJO RUBIO nº 18, andar BAJO
V-CO-018453	QUEIQUE COFFE & MORE	CafeBar	PLAZA DE LA CONSTITUCION nº 4
V-CO-014290	RABEL	CafeBar	TRAVESÍA DEL PROGRESO, 8 BAIXO
V-CO-017543	RAXERIA DO POTE	CafeBar	DO PROGRESO nº 12, andar BJ
V-CO-019704	RINCON DE JENNY	CafeBar	TRAVESIA DEL PROGRESO nº 17, andar BJ
V-CO-015842	ROSALIA	CafeBar	ROSALIA DE CASTRO nº 14, andar BJ
V-CO-000904	SABIN	CafeBar	2ª TRAVESIA DO PROGRESO nº 5
V-CO-005475	SACO	CafeBar	Rúa ALCALDE BECARIA 10
V-CO-013970	SE ALQUILA	CafeBar	SEIJO RUBIO, 20,22
V-CO-019994	SOPORTAL 25	CafeBar	Calzada DOS FERRADORES nº 25, andar BAJO
V-CO-017418	TABERNA BREGÁN	CafeBar	FERRADORES nº 29
V-CO-015432	TASCA FONTE DE UNTA	CafeBar	Rúa DA CAÑOTA nº 13, andar BJ
V-CO-017229	TELEPIZZA	CafeBar	JESUS GARCIA NAVEIRA nº 10, andar 0 letra A
V-CO-018941	TERNERA GRILL	CafeBar	Pr. dos Ángeles nº 26-28, andar baixo
V-CO-019947	TREZE	CafeBar	Rúa DO CASTRO nº 13
V-CO-016646	TRIBECA	CafeBar	PRAZA DOMINGO ETCHEVERRIA, 1
V-CO-013750	VÁZQUEZ	CafeBar	Av SAAVEDRA MENESES nº 62, andar BJ

V-CO-017024	ZOJO	CafeBar	CANTÓN CLAUDINO PITA, 1
V-CO-018222	1801	CafeBar	Rúa GUILIADE nº 63, andar BX
C-CO-001186	MESON PARRILLDA OS CANEIROS	Cafeterias	REAL DE INFESTA nº 114, andar BJ
C-CO-000890	MILLENIUM	Cafeterias	Rúa Rosalía de Castro nº 12, andar Baixo
C-CO-001439	MOITA MIGA	Cafeterias	ALEXANDRE BÓVEDA nº 4, andar BJ
C-CO-000551	PARÍS DOS	Cafeterias	PRAZA DE VALDONCEL, 6-8, BAIXO
C-CO-000897	VERSALLES	Cafeterias	FERRADORES, 9 BAIXO
C-CO-001081	YOCRI	Cafeterias	Rúa EMILIO ROMAY, 4



Concello de
Betanzos

SÍNTESE DE NECESIDADES DETECTADAS NA ÁREA REXURBE

A partir da análise de campo realizado, así como a partir dos datos socioeconómicos, empresariais, de dotacións, equipamentos, etc. recollidos, as necesidades detectadas resúmense a continuación:

1. Necesidades en edificacións e espazos urbanos.

Precísase levar a cabo unha fonda rehabilitación de vivendas baleiras ou en desuso para poder recuperalas co fin de prolongar a súa vida útil por unha banda e por outra para facilitar a súa ocupación e eliminar así a vivenda baleira. Ocupación que pode ser destinada a vivenda, oficina, uso turístico, negocio en xeral, etc.

Precísanse levar a cabo obras de rehabilitación de vivendas en uso que non reúnen as condicións necesarias para ese fin.

É preciso executar obras de mellora, mantemento e conservación de edificios para adaptalos ás novas realidades e prolongar a súa vida útil. Incluso levar a cabo intervencións para poder facer que convivan no mesmo edificio espazos de vida e traballo, permitindo así unha mellora nas condicións da conciliación familiar co traballo, e a activación da actividade empresarial de proximidade.

Precísase levar a cabo melloras nos espazos públicos: incremento de parques e zonas verdes, melloras na iluminación, creación dun parque cuberto.

Precísase unha rehabilitación que se encamiñe á mellora da eficiencia enerxética, mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade universal.

2. Necesidades de orde social.

Dinamización de programas de acceso á vivenda de carácter social e accesible a colectivos sensibles. A través da Oficina de Rehabilitación municipal, prestarase o servizo de orientación, axuda e tramitación administrativa.

Adecuación das vivendas á accesibilidade universal e ás actuais condicións de habitabilidade. Encamiñada a crear fogares útiles e accesibles a persoas maiores e dependentes. Colectivo de gran representación social en Betanzos.

Fogares dixitalizados, fomentando a conciliación familiar ao poder desenvolver a actividade laboral propia nun espazo a carón do familiar.

Apoio no acceso a vivenda a colectivos sensibles e en risco de exclusión con alugueiros sociais asumibles.

3. Necesidades de orde económico:

Apoio a emprendedores e ao comercio local con campañas de promoción e mellora da imaxe, mellora de infraestruturas para dixitalización de negocios, etc.

Formación dixital e mellora de infraestruturas de telecomunicacións para a modernización de estratexias empresariais a pequena escala.

Fomento das actividades non estacionais.

Aínda que no momento actual se detectan estas necesidades, o Plan de Dinamización é un documento vivo, é dicir, poderá revisarse, ampliarse ou corrixirse durante a aplicación do mesmo e en función dos resultados e dos indicadores de avaliación que se vaian executando.

A partir desta enumeración organízanse e defínense unha serie de eixos e obxectivos de actuación.



BLOQUE II - ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS

ANÁLISE MATRIZ DAFO

Unha vez vistos os distintos puntos de vista analizados, centrados nos aspectos urbanístico-arquitectónico, poboacional e socioeconómico aprécianse tendencias que poden levar a empeorar a situación global no Centro histórico.

Cos datos manexados debemos agora sintetizalos desde o punto de vista conceptual para chegar a concluír nun conxunto de estratexias que corrixan as tendencias non favorables á revitalización do ámbito.

Para isto contamos cunha análise DAFO que poña sobre a mesa a situación interna (debilidades e fortalezas) e confróntea coa externa (ameazas e oportunidades). O ámbito que nos ocupa é o suficientemente contido como para poder realizar a análise contemplando unha unidade urbana.

Sendo conscientes de que hai zonas máis deprimidas dentro do Centro histórico e por tanto claros desequilibrios, tamén é verdade que a morfoloxía como recinto amurallado fainos poder analízalo como un único conxunto urbano suficientemente homoxéneo.

Estas consideracións son claves á hora de formular estratexias de maneira preliminar.

Unha das principais debilidades estriba na dificultade para funcionar como barrio autosuficiente para os seus residentes, xa que carece de servizos de proximidade suficientes e desenvolve un papel de centro de servizos administrativos para a totalidade da cidade de Betanzos.

Este carácter representativo tamén é a súa principal fortaleza, por conformar un polo de atracción de actividade, pero complica as dinámicas socioeconómicas para os residentes, así como as dinámicas urbanas e edificatorias.

Ser o centro da cidade e estar situado intramuros e na confluencia dos ríos Mendo e Mandeo dificulta a mobilidade o que implica unha progresiva degradación que se acentúa coa falta de espazos libres e zonas verdes que permitan o esponxamento do tecido construído.

ÁREA SOCIAL

O envellecemento da poboación, cunha idade media superior aos 60 anos é seguramente o aspecto máis determinante. A presenza de edificacións de calidade e rehabilitación de edificios residenciais unifamiliares de tipoloxía señorial ou burguesa aumenta os desequilibrios que implican unha fractura socioeconómica e unha segregación zonal.

Os aspectos positivos son a concentración de oferta cultural e monumental que se ve minguada pola ausencia de espazos libres e zonas verdes como complemento do lecer para os residentes.

ÁREA ECONÓMICA

A desaparición do tecido comercial de proximidade centra a oferta comercial a servizos moi relacionados directamente coa actividade turística. Aínda así, o pequeno comercio atópase en claro retroceso.

Esta situación debe tomarse como unha oportunidade de desenvolvemento do Camiño de Santiago Inglés como atracción tanto espiritual, unida ao importante patrimonio relixioso do Centro histórico, como turística, unida ao desenvolvemento dunha hostalería de calidade que poña en valor o produto local.

Unha economía sostible de quilómetro cero que aproveite a contorna inmediata e que concentre o esforzo comercial na actividade dentro do Centro Histórico.

ÁREA URBANA

A posición do Centro histórico dentro dun recinto amurallado dificulta principalmente a mobilidade por un tecido urbano angosto e en ocasións tortuoso ou simplemente non accesible polo excesivo das pendentes ou a presenza de escalinatas.

A densidade do feito edificado e a ausencia de zonas verdes e espazos libres dificultan o desenvolvemento de proxectos ambiciosos para lograr o esponxamento da malla urbana que presenta unha traza medieval.

A forte presenza monumental da Igrexa crea moitas veces unha incómoda dependencia para levar a cabo proxectos ambiciosos. Pero á vez esta presenza debemos considerala como un aspecto con lado positivo xa que nos permite gozar dunha paisaxe urbana de calidade arquitectónica e patrimonial. Isto unido á consideración de “viario peonil” do Casco Histórico permite percibir a riqueza arquitectónica de maneira acougada e sinxela para o turismo.

Desta maneira a incidencia nas melloras destas contornas conforma un forte potencial transformador en termos socioeconómicos mitigando a incidencia doutras zonas máis degradadas.

ÁREA ARQUITECTÓNICA

O envellecemento e a degradación do feito construído eríxense como as principais debilidades neste aspecto. A isto únese o crecente número de vivendas baleiras que ademais pode derivar en fenómenos de ocupación coa consecuente deterioración da convivencia.

Por iso deberíase aproveitar a existencia dun amplo parque de vivenda baleira para promover políticas de acceso á vivenda para mozos e mozas.

A existencia de edificios protexidos de alta calidade arquitectónica e a presenza de organismos públicos e financeiros debemos tomalo como oportunidades e fortalezas que se deben potenciar.

A implementación de ferramentas de tramitación electrónica eficaces na administración local será clave na axilización dos procedementos afectados.

De todo o exposto deriva a seguinte matriz, agrupando os elementos máis significativos da área de análise e que se consideran as máis importantes para o conxunto.

Debilidades	Fortalezas
PERDA DE POBOACIÓN	POTENCIALIDADES DE DESENVOLVEMENTO
ENVELLECIMENTO DA POBOACIÓN	PATRIMONIO CULTURAL E ARQUITECTÓNICO
ESCASA CREACIÓN DE EMPRESAS	OFERTA DE VIVENDA EN VENDA
BAIXA TAXA DE NATALIDADE	TRAFICO RODADO TRANQUILO
ESTADO DE CONSERVACIÓN DE VIVENDAS	AMPLA PEONALIZACIÓN
EXCESIVA BUROCRACIA EN TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES	APOIO PÚBLICO Á REHABILITACIÓN
ESCASA MENTALIDADE EMPRENDEDORA	ADMINISTACIÓN LOCAL COLABORADORA
DIFICULTADE DE ATRACCIÓN DE XENTE NOVA	AMPLA OFERTA HOSTALEIRA-GASTRONÓMICA TURÍSTICA
ESCASEZA DE ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	
DIFICULTADE NA TRANSMISIÓN DA PROPIEDADE	
Ameazas	Oportunidades
EMIGRACIÓN DE POBOACIÓN NOVA FORTE PROTECCIÓN NORMATIVAS	CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS
DIMINUCCIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA	POTENCIAL TURÍSTICO
PROXIMIDADE A POBOACIÓNS TURÍSTICAS COSTEIRAS	DISPOÑIBILIDADE DE RECURSOS PARA ATRAER POBOACIÓN NOVA
TENDENCIA A O USO DA COMPRA EN LIÑA	DISPOÑIBILIDADE DE RECURSOS PARA ATRAER NOVOS MODELOS EMPRESARIAIS
TENDENCIA A DESLOCALIZAR SERVICIOS PÚBLICOS A GRANDES CIDADES	XERACIÓN DE OFERTA COMERCIAL DE CALIDADE
FORTE FALTA DE SUBSTITUCIÓN XERACIONAL EN NEGOCIOS EN BO FUNCIONAMENTO	PROXECTOS DE ESPONXAMENTO DA TRAMA URBANA
PROTECCIÓN NORMATIVAS	TOMAR A VIVENDA BALEIRA COMO PUNTO DE PARTIDA PARA CREACIÓN DUN PLAN DE ACCESO Á VIVENDA PARA XOVES
	ECONOMÍA SOSTIBLE DE KILÓMETRO CERO CON POSTA EN VALOR DO PRODUTO LOCAL EN COMERCIO E HOSTALERÍA

ANÁLISE CAME

A análise CAME (*Correct, Adapt, Maintain, Explore*) é unha ferramenta estratéxica que funciona como complemento á análise DAFO, que brinda a información esencial para establecer as guías dos aspectos atopados tras realizar a matriz DAFO.

Despois de identificar o contexto da situación utilizando a análise DAFO, desenvólvense unha serie de estratexias na Análise CAME, sempre traballando coa información recollida da análise previa.


No conxunto do ámbito detectáronse problemas que son comúns como a degradación arquitectónica. Este aspecto vén da man doutros factores como son o envellecemento da poboación que á súa vez trae consigo o peche de comercios locais.

CONCLUSIÓNS PARA OBXECTIVOS E PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

A estratexia debe axuntar liñas de actuación que consigan mitigar as ameazas, darlle resposta ás debilidades, aproveitar as oportunidades e poñer en valor as fortalezas.

Basicamente trátase de expoñer solucións para os aspectos negativos e reforzos para os aspectos positivos para que o conxunto alcance un proceso firme de revitalización tanto no económico e social como no arquitectónico e urbano.

Inclúese a continuación un cadro resumen das liñas de actuación propostas en relación co exposto na matriz DAFO:



Concello de
Betanzos

	DAFO	LIÑAS DE ACTUACIÓN		Relación
D1	Perda de poboación	Dinamización de programas de acceso a vivenda (Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 e o II Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030) Obtención de edificio para arrendamento social	L1	O3, O7, F6
A1	Emigración de poboación nova			
A2	Diminución da poboación activa			
O7	Tomar a vivenda baleira como punto de partida para a creación dun plan local de acceso a vivenda para persoas novas			
D2	Envellecemento da poboación	Apoio a poboación dependente	L2	A6
D4	Baixa taxa de natalidade			
D8	Dificultade de atracción de xente nova			
D3	Escasa creación de empresas	Fomento das actividades non estacionais	L3	F1, F5, F7, O4, O5
D7	Escasa mentalidade emprendedora			
A4	Forte tendencia ao uso da compra <i>online</i>	Mellora da imaxe do comercio de proximidade e estratexias de comunicación primando a calidade e a economía circular	L4	F1, O5, O8
A6	Falta de relevo xeracional en negocios en bo funcionamento			
D5	Estado de conservación das vivendas	Apoio á rehabilitación xerando programas de axuda e dando prioridade ás actuacións de eficiencia enerxética e sustentabilidade	L5	D6, F6, F7
A7	Proteccións normativas			
F6	Apoio público á rehabilitación			
D6	Excesiva burocracia na tramitación de expedientes	Mellora nos servizos de atención ao cidadán e simplificación das tramitacións	L6	F7
A5	Tendencia a deslocalizar os servizos públicos a grandes cidades	Ampliación de equipamentos públicos e oferta de servizos e espazos libres	L7	F4, F5, F6
D9	Escaseza de zonas verdes e espazos libres			
O6	Proxectos de esponxamento da trama urbana			
D10	Dificultade na transmisión da propiedade	Reforzo da conexión co resto da zona urbana	L8	O7
F3	Oferta de vivenda en venda			
A3	Proximidade a poboacións turísticas costeiras	Definición e planificación da oferta turística	L9	O1, O2, O4
F8	Ampla oferta hosteleira-gastronómica-turística			
F2	Patrimonio cultural e arquitectónico	Recuperación do Patrimonio	L10	A7, O1, O2
F1	Potencialidades de desenvolvemento	Medidas de equilibrio social e económico	L11	O3, D6, O8
F7	Administración local colaboradora			
F4	Tráfico rodado acougado	Impulso da mobilidade sustentable	L12	O1, F1
F5	Ampla peonalización			
O1	Camiño de Santiago inglés	Posta en valor da Historia e localización do Casco Histórico	L13	F1, F2, F8, A3
O2	Potencial turístico			
O4	Xeración de oferta comercial de calidade	Campañas de apoio ao produto local	L14	D3, A6
O8	Economía sustentable de Km 0 con posta en valor do produto local en comercio e hostelería			
O5	Disponibilidade de recursos para atraer novos modelos empresariais	Mellora das infraestruturas de telecomunicacións e axudas para a implantación de empresas tecnolóxicas	L15	D7

En definitiva, a mellora das condición de vida en xeral neste concello e a potenciación da conservación, mellora e nova creación de negocios, unido todo a iniciativas sociais que faciliten os coidados de maiores e novas xeracións, así como medidas de mellora das infraestruturas e a mobilidade, son os elementos básicos para corrixir as debilidades, afrontar a ameazas, aproveitar as fortalezas e explotar as oportunidades que ofrece Betanzos.



BLOQUE III - LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑAS ESTRATÉXICAS, OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS PROPOSTAS

O centro histórico de Betanzos encerra o corazón da cidade de Betanzos. Os edificios representativos do poder político, xudicial, eclesiástico e económico dispóñense no seu interior. O antigo castro de Untia conformado no promontorio da confluencia dos ríos Mendo e Mandeo confiren a este lugar dun carácter estratéxico desde tempo inmemorial.

O carácter defensivo e militar da praza foise transformando co paso do tempo no núcleo comarcal do transporte marítimo e fluvial.

Este carácter cosmopolita e de cabeceira comarcal mantense hoxe en día ao amparo da traza do Camiño de Santiago na súa vertente inglesa e do empuxe turístico das súas festas, da súa gastronomía e da súa proximidade a outros municipios turísticos de relevancia. A posición de cruzamento de camiños entre A Coruña e Ferrol, desvanecida parcialmente polas vías de transporte de alta capacidade, mantense de maneira que aínda conta con estación de ferrocarril e liñas de transporte de persoas por estrada de uso intensivo por parte dos seus habitantes.

O preservar a calidade de vida e frear o deterioración socio-económico, urbano e arquitectónico deben poñer o foco nas liñas de actuación que permitan que a delimitación proposta desta área Rexurbe alcance con éxito os obxectivos de revitalización e dinamización do centro histórico de Betanzos.

As diversas liñas de actuación que se expoñen con carácter inicial deberán contar coas oportunas medidas de seguimento e control. Deberase lograr a implicación da poboación de forma activa nos diversos programas que se articulen.

A colaboración das distintas administracións, Estatal, Autonómica, Provincial e Local será clave para estimular a participación do sector privado tanto no económico como desde o punto de vista do emprendemento.

O Concello de Betanzos está a tramitar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), unha revisión do Plan Especial de Protección e Ordenación do Centro histórico (PEPOCH) e un Plan de Mobilidade que deberán conformar o marco no que se implanten as estratexias que se definirán para a revitalización e o Plan de Dinamización da área Rexurbe do Centro histórico de Betanzos.

A continuación enúncianse as diferentes liñas estratéxicas de actuación que se propoñen desde os catro eixos abordados no presente documento.

1. Eixo social.

L1.- Dinamización de programas de acceso á vivenda (Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 e II Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030)

L2.- Apoio á poboación dependente

L6.- Mellora nos servizos de atención ao cidadán e simplificación das tramitacións

L7.- Ampliación de equipamentos públicos e oferta de servizos e espazos libres

L11.- Medidas de equilibrio social e económico

Con estas liñas de actuación preténdese obter resultados positivos nos obxectivos de atracción de poboación nova de maneira que se fomente a rehabilitación de vivendas desde as distintas administracións, estatal, autonómica, provincial e local, de maneira que se estimule a participación

do sector privado, logrando un impulso para a mellora do conxunto edificado e o crecemento poboacional necesario para formar unha masa crítica que permita o desenvolvemento doutras liñas de actuación con éxito.

O apoio á poboación dependente articularase con medidas encamiñadas a mellorar a calidade de vida e a inclusión social das persoas maiores e con dificultades funcionais para evitar o seu illamento e perda de autonomía persoal.

A mellora nos servizos de atención ao cidadán e a simplificación de todo tipo de tramitacións permitirá percibir ao residente potencial un atractivo engadido aos valores transmitidos polo propio carácter do Centro histórico como centro neuráxico da actividade social de Betanzos.

A ampliación dos espazos libres e os equipamentos públicos actuarán como reclamo para atraer poboación e como motores da cohesión social e a convivencia veciñal.

Estas liñas de actuación péchanse coa implantación de medidas que permitan alcanzar o equilibrio social e económico no Centro histórico.

2. Eixo económico.

L3.- Fomento das actividades non estacionais

L4.- Mellora da imaxe do comercio de proximidade e estratexias de comunicación primando a calidade e a economía circular

L9.- Definición e planificación da oferta turística

L11.- Medidas de equilibrio social e económico

L14.- Campañas de apoio ao produto local

A dinamización económica débese basear na continuidade e estabilidade ao longo de todo o ciclo económico. Para crear un tecido económico solvente e sostible demos conseguir que a economía manteña o seu pulso todo o ano, fuxindo das actividades estacionais que saturan a actividade nun curto período de tempo e fana desaparecer o resto do ano.

Para ancorar ao lugar ao tecido comercial existente e promover a chegada de novos emprendedores expónse unha liña de actuación encamiñada á mellora da imaxe do comercio con actividades formativas dos profesionais que primen a calidade do produto acompañada dunha atención personalizada e diferenciadora da clientela.

Deberase definir e planificar a oferta turística evitando os solapamentos que poidan producir saturacións e situacións de desbordamento da oferta.

Tomaranse medidas que permitan alcanzar o equilibrio social e económico que permita soste un tecido económico duradeiro.

As campañas de apoio ao produto local deberán contar co consenso dos axentes sociais intervenientes no proceso produtivo e pensando sempre en obter o respaldo da cidadanía de maneira que estas iniciativas callen e consolídense nos hábitos do cidadán que atope no Centro histórico o mellor lugar para atopar o produto de calidade que lle identifique como betanceiro.

3. Eixo urbano.

L6.- Mellora nos servizos de atención ao cidadán e simplificación das tramitacións

L7.- Ampliación de equipamentos públicos e oferta de servizos e espazos libres

L8.- Reforzo da conexión co resto da zona urbana

L12.- Impulso da mobilidade sostible

L15.- Mellora das infraestruturas de telecomunicación e axudas para implantación de empresas tecnolóxicas

A mellora nos servizos de atención ao cidadán e a simplificación das tramitacións debe constituír un fundamental punto de apoio para a dinamización da actividade e a atracción de poboación ao centro histórico. Estas liñas de actuación unidas á ampliación dos equipamentos públicos e á mellora dos servizos e dos espazos libres, dotarán ao espazo urbano do centro histórico dunha calidade o suficientemente relevante para facer deste ámbito unha zona de atracción do investimento.

O reforzo da conexión do recinto amurallado co resto da zona urbana é necesario articulalo ao amparo do próximo Plan de Mobilidade. Este efecto de permeabilidade debe poñer en valor o carácter residencial do Centro histórico co firme propósito do seu embelecemento a través da propia vida social e económica no seu interior. Os diferentes medios de mobilidade sostible deberán ser articulados de maneira que o seu impulso redunde na mellora da calidade de vida dos veciños.

A mellora das infraestruturas de telecomunicacións e a creación de programas de fomento da implantación de *startups* axudarán á chegada de nova poboación nova.

4. Eixo urbanístico.

L5.- Apoio á rehabilitación xerando programas de axuda e dando prioridade ás actuacións de eficiencia enerxética e sustentabilidade

L10.- Recuperación do Patrimonio

L13.- Posta en valor da Historia e localización do centro histórico


Desde este punto de vista potenciaranse as axudas á rehabilitación con respecto ás especiais características tipolóxicas da protección patrimonial do Centro histórico. Valoraranse positivamente as actuacións encamiñadas á recuperación de edificacións buscando a eficiencia enerxética e a sustentabilidade. Actuacións que contén con estándares de calidade certificados poderán ter valoracións preferentes.

A recuperación do patrimonio edificado débese converter na pedra angular da posta en valor do Centro histórico como un ente cohesionado aínda que mantendo as súas diferentes facetas sociais, políticas, eclesiais e económicas.

A identificación das diversas accións co contexto Histórico da cidade de Betanzos debe articular o fío condutor das actuacións que teñan como obxectivo a recuperación do tecido arquitectónico e patrimonial do Centro histórico.

ÁREAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Defínense tres ámbitos prioritarios de actuación:



FONTE: DOCUMENTO ESTRATÉGICO PARA A DELIMITACIÓN DA ÁREA REXURBE DE BETANZOS: ANÁLISIS DE LA REALIDAD URBANA Y ESTRATEGIA PRELIMINAR DE REVITALIZACIÓN PARA EL CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS (2)

Área Prioritaria 1: contorna Praza da Constitución

Trátase dunha zona centrada no centro histórico de gran relevancia pola presenza de elementos arquitectónicos de gran valor e presenza social.

Con todo, o estado de conservación dalgúns edificios, así como o estado de abandono de zonas puntuais da contorna urbana fai posible a realización de actuacións cirúrxicas que dinamicen a imaxe e conviden o cidadán a dispór dos espazos públicos como zonas de lecer e goce.

A desaparición do tecido comercial é puntual pero con efecto cachoeira que fai que se produza un contaxio no abandono das actividades de proximidade para o residente.

Desta forma aléntase o despoboamento e só as persoas con menos recursos permanecen nun parque residencial deteriorado e con baixa calidade para o uso residencial.

Praza Constitución, vista desde Rúa do Castro



Área Praza Constitución: Rúa Santiago



Área Prioritaria 2: rúa da Cañota

Trátase dunha zona que se desenvolve pola fachada oeste das edificacións que dan aos soportais da Praza Irmáns García Naveira e que alberga establecementos de hostalería que se sitúan nunha zona de soportal elevado sobre a rúa na que se xera un espazo residual desordenado e enmarcado nunha contorna de edificacións ruinosas.

Faise necesario actuar de maneira que se revitalice a actividade rehabilitadora para a atracción de poboación dado que se trata dunha localización moi céntrica e con grandes oportunidades de mellora.

Existen aínda pequenos establecementos comerciais que necesitan a mellora da accesibilidade e da visualización no almacén comercial da súa contorna.

Área Rúa Cañota: Rúa Cañota



Área Prioritaria 3: Porta do Cristo

Trátase dun ámbito con importantes problemas de accesibilidade e mobilidade que determinou o estado de abandono de moitas das súas edificacións. Tomamos como punto de encontro a Porta do Cristo situada na zona noroeste do antigo recinto amurallado.

O parque edificado componse de vivendas sen baixos comerciais que fan desta zona un lugar tranquilo pero á súa vez con nula actividade económica. Este feito está agravado polas mencionadas dificultades de mobilidade coa presenza de rúa de fortes pendentes e con escaleiras.

As liñas de axuda á rehabilitación e o fomento da chegada de familias novas e de empresas alternativas que poidan situarse nesta zona deben dar prioridade as primeiras intervencións neste ámbito.

Área Porta do Cristo:





RELACIÓN DE OBRAS, ACTUACIÓNS E INTERVENCIÓNS

Cadro resumo

LIÑAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS RELACIONADAS	DETALLE DAS ACTUACIÓNS
L1- Dinamización de programas de acceso á vivenda (Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 e II Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030)	Acción 1. Mellora de medios propios.	Implantación Centro Rexurbe: mellora dos medios dispoñibles: estabilización do/a arquitecto/a titular, mellora de equipos informáticos e software, actualización continua da plataforma de xestión telemática, incremento de persoal administrativo a medio prazo
	Acción 2. Impulso das axudas autonómicas e estatais.	solicitar o avance na rehabilitación dos outros inmobles por parte da Xunta, continuidade do Plan Estatal de Vivenda
L2- Apoio á poboación dependente	Acción 3. Programas específicos de apoio á poboación dependente.	continuidade dos programas e a mellora dos servizos con reforzo de persoal administrativo de apoio ao técnico dedicado a estes programas
L3- Fomento das actividades non estacionais	Acción 4.a. Proxecto Revitalización do comercio de Betanzos. Mercado sustentable.	Implantación de redes Wifi en zonas comerciais, explotación e análise de datos vinculados coa venda en liña, investimentos para reducir o consumo de insumos, e a substitución destes por outras alternativas máis respectuosas co medio ambiente, optimización das operacións de distribución comercial, entrega e devolución mediante a adopción de novas tecnoloxías e ecosistemas colaborativos, prestando especial atención á última milla, investimento en obra e reforma para mellorar as instalacións, a súa accesibilidade, equipamentos e adecuación das zonas ocupadas por mercados municipais, áreas comerciais e mercados non sedentarios, e as súas áreas lindeiras.
L4- Mellora da imaxe do comercio de proximidade e estratexias de comunicación primando a calidade e a economía circular	Acción 4.b. Proxecto Revitalización do comercio de Betanzos. Mercado sustentable.	deseño e implantación de sinalética corporativa, plataforma Marketplace; Sensibilización e formación teórica e práctica de habilidades, uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio e <i>marketing</i> dixital; Formación, sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular, reciclado e reutilización de produtos no modelo de negocio do sector comercial.
L-5 Apoio á rehabilitación xerando programas de axuda e dando prioridade ás actuacións de eficiencia enerxética e sustentabilidade	Acción 5a. Actuacións previstas no Plan de Barrios. Acción 5b. Impulso de actuacións municipais en materia de rehabilitación de vivendas	Actuacións de rehabilitación en 32 inmobles, a curto prazo Finalización do procedemento para obtención por doazón dunha vivenda, destinada a rehabilitación para aluguer social
L-6 Mellora nos servizos de atención ao cidadán e simplificación das tramitacións	Acción 6: Redacción dun novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico.	En proceso de redacción, levantamento de puntos previo e redacción do documento de planeamento PE Centro Histórico.
L-7 Ampliación de equipamentos públicos e oferta de servizos e espazos libres	Acción 7: Proxecto Revitalización do comercio de Betanzos. Creación de dous novos parque públicos no ámbito.	Creación de dúas novas zonas de espazos libres e zonas verdes no CH, e adecuación viaria da Rúa Travesa.

L-8 Reforzo da conexión co resto da zona urbana	Acción 9: Actuacións previstas no proxecto de PMUS	programa de mellora da rede peonil, impulso de itinerarios ciclistas, campañas de información e sinalización, microproxectos de actividade e estancia no espazo público, redacción dun Plan de Coordinación, delimitación dunha zona de Baixas emisións no ámbito, rede de puntos de recarga para vehículos eléctricos, etc
L-9 Definición e planificación da oferta turística	Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística (PST).	creación dun centro de interpretación do CH, roteiros temáticos, sinalización intelixente, tematización
L-10 Recuperación do Patrimonio	Acción 11: actuacións no Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para as Entidades Locais (PIREP local)	Obra de Rehabilitación do Mercado Municipal de Betanzos.
L-11 Medidas de equilibrio social e económico	Acción 8: Aprobación dunha ordenanza de conservación e rehabilitación	
	Acción 12: Creación de vivendas de alugueiro social	Obtención dun edificio do CH (Rúa Cabildos) para rehabilitar con destino a alugueiro social
L12- Impulso da mobilidade sustentable	Acción 9: Actuacións previstas no PMUS e PST	vías de cicloturismo, sistema de alugueiro de vehículos eléctricos
L13- Posta en valor da Historia e localización do Casco Histórico	Acción 13: Rutas guiadas.	
	Acción 14: Actividades de divulgación organizadas polo Museo das Mariñas.	
	Acción 15: Estudo de iluminación artística e ornamental do casco histórico	Proxecto de Iluminación artística e ornamental integral eficiente
L-14 Campañas de apoio ao produto local	Acción 16: Colaboración en campañas de produtos Reserva biosfera	
L-15 Mellora das infraestruturas de telecomunicacións e axudas para a implantación de empresas tecnolóxicas	Acción 17: Facilidades para a instalación de nova empresa no Polígono Industrial	
	Acción 18: colaboración con empresas de telecomunicacións que xa teñen presentado o plan de despregamento	

Desenvolvemento das liñas de actuación propostas.

L1.- Dinamización de programas de acceso á vivenda.

Acción 1. Mellora de medios propios.

A Oficina Técnica de Rehabilitación do Concello de Betanzos informa, asesora e xestiona a tramitación de axudas, aos particulares que deciden rehabilitar as súas vivendas, de acordo co que establece o Plan Estatal de Vivenda vixente.

O equipo da Oficina é un apoio en todo o proceso de rehabilitación, pola capacidade técnica e a proximidade á cidadanía e residentes.

Xestións que leva a cabo:

- Asesora e informa ao público das actuacións que contempla o Plan de Vivenda que estea vixente.
- Tramita os expedientes e realiza o seguimento técnico de obras do Plan de Vivenda.
- Realiza as visitas técnicas necesarias das actuacións de rehabilitación con axudas autonómicas ou estatais.
- Supervisa os orzamentos.
- Colabora e coordina as accións e programas que desenvolve a Oficina cos departamentos municipais implicados.
- Informa doutras actuacións subvencionables, como as procedentes de programas autonómicos, e orienta na súa tramitación.

Na actualidade estase en proceso de mellora dos medios dispoñibles neste departamento municipal, coa estabilización recentemente finalizada do posto de traballo correspondente ao arquitecto que o dirixe, antes en réxime interino, a actualización continua da plataforma de xestión telemática coa asistencia da Deputación da Coruña, e a próxima renovación de equipos informáticos adecuados aos novos programas BIM e SIX. Preténdese, ademais, o reforzo con persoal compartido con outros servizos municipais (traballadora social e asesor xurídico).

A Oficina Técnica de Rehabilitación do Concello de Betanzos será o servizo municipal que colaborará co IGVS no exercicio das funcións do Centro de rexeneración urbana de interese autonómico (Centro Rexurbe), que deberá crearse por convenio entre as dúas administracións, e será o punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área. Este centro deberá reunir os estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, os requisitos e a solvencia técnica que determine o Consello da Xunta por acordo, de conformidade co artigo 70 Lei 1/2019, do 22 de abril.

Acción 2. Impulso das axudas autonómicas.

Nas convocatorias de axudas de adquisición en conxuntos históricos e nas subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugueiro social, financiadas con fondos propios, o IGVS incrementará as súas axudas no caso de que o inmovible estea situado nun Área Rexurbe.

A maiores, xa no reparto de financiamento dos acordos específicos do programa de fomento da rexeneración e renovación urbana, tívose en conta a existencia dun área Rexurbe declarada para o reparto de fondos aos concellos, por parte do IGVS.

O presente plan de dinamización ten como obxectivo, entre outros, o fomento da habitabilidade das vivendas e a ampliación do parque público de vivendas.

Desde o IGVS teñen adquirido 17 inmobles para rehabilitar, dos que se obterán 22 vivendas protexidas e 3 locais comerciais. Nestes momentos, 15 inmobles foron rehabilitados e outros 2 están pendentes de licitación.

Proponse avanzar na rehabilitación dos outros inmobles por parte da Xunta e na procura de novos inmobles para a súa adquisición e futura rehabilitación co mesmo fin de incrementar a oferta pública de vivendas. Solicitarase do IGVS a inclusión do Concello de Betanzos na próxima convocatoria de oferta pública de adquisición de inmobles co dito fin, coa focalización principal nas zonas de actuación prioritaria, mantendo a marcha do investimento iniciado en anos anteriores.

L2.- Apoio á poboación dependente.

Acción 3. Programas específicos de apoio á poboación dependente.

Os servizos sociais comunitarios constitúen o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. Teñen carácter predominantemente local, debido á necesidade de proximidade aos cidadáns. Os servizos sociais básicos proporcionados polo departamento municipal correspondente son a canle de acceso ao sistema de servizos sociais, co que se garante a universalidade do sistema e a proximidade a toda a veciñanza. Desenvolven as súas funcións de maneira estruturada, por medio de programas e servizos. Os máis significativos para a poboación residente no Casco Histórico son os seguintes:

Programa de valoración, orientación e información. É a porta de entrada aos servizos sociais, onde se reciben as demandas persoais, familiares e de colectivos, e polo tanto, onde se valoran as situacións de necesidade e os problemas sociais, proporcionándolles información, orientación e asesoramento, de acordo cos dereitos sociais e recursos dispoñibles. Desde este programa facilítase información de forma individualizada ás persoas, có fin de orientalas e asesoralas sobre as prestacións e os recursos propios do sistema público de servizos sociais, apoiándoas na tramitación de todas elas ou mobilizando os recursos dispoñibles que máis se adapten a cada problemática.

Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Subvencionado pola Deputación da Coruña, é un conxunto de atencións prestadas ás persoas ou familias no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual. Poderán ser atencións de carácter persoal, domésticas, de acompañamento persoal e atencións de carácter psicosocial. Unha vez garantido o nivel básico de atención poderán incorporarse outras actuacións de carácter complementario.

Servizo de educación e apoio familiar. Servizo integral de apoio ás familias que se atopen en situación de dificultade, có obxectivo de promover procesos de cambio que favorezan a mellora da autonomía, a convivencia ou o exercicio das responsabilidades familiares.

Programa básico de inserción social. Procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social. Ademais das axudas que se tramitan e derivan a

outras administracións, e das accións puntuais que se realizan desde este Departamento, o Concello conta con programas municipais destinados a satisfacer necesidades básicas naquelas unidades familiares en situación de precariedade que de algunha forma se impliquen na realización de accións encamiñadas a lograr superar a situación de exclusión na que se atopan.

Programa de envellecemento activo. O obxectivo xeral é contribuír a ampliar a esperanza de vida activa e saudable dos maiores, mantendo a autonomía e a independencia, e promovendo a súa participación e presenza na sociedade. Dentro do mesmo desenvólvense distintas actividades municipais encadradas no programa "Cóidate", relacionadas co mantemento da saúde: escola de costas, tratamento termal con estancia en balneario, obradoiro de memoria. En canto a equipamento específico, o concello conta con un centro de maiores, de carácter aberto, que pretende ser un espazo para a convivencia que lles permite manter e ampliar as relacións sociais, contribuíndo a evitar o illamento e a soidade.

Servizo de transporte adaptado. É un dispositivo de apoio á mobilidade persoal, prestado desde os servizos sociais municipais de atención comunitaria a aquelas persoas que presenten dificultades de mobilidade para realizar desprazamentos. Diariamente, realízanse os traslados das persoas usuarias, prioritariamente ás consultas médicas, para o cal hai establecidos catro horarios de recollida de usuarios e usuarias nos domicilios e outros tantos de retorno.

Así mesmo, préstase información sobre outros sistemas de protección social: educativo (comedor escolar municipal, atención temperá, escolas infantís municipais), sanitario-asistencial (programa *Xantar na Casa*) ou de vivenda (axudas para o pago de alugueiro).

Propónse a continuidade dos programas e a mellora dos servizos con reforzo de persoal administrativo de apoio ao técnico dedicado a estes programas.

L3.- Fomento das actividades non estacionais.

A dinamización económica débese basear na continuidade e estabilidade ao longo de todo o ciclo económico. Para crear un tecido económico solvente e sostible demos conseguir que a economía manteña o seu pulso todo o ano, fuxindo das actividades estacionais que saturan a actividade nun curto período de tempo e fana desaparecer o resto do ano.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Fomento dun "centro histórico vivo e sustentable", promovendo maiores actividades no mesmo.
- Fomento de nova oferta turística sustentable e actividades complementarias.
- Creación dunha oferta atractiva para diferentes segmentos da demanda.
- Apoio á posta en valor dos produtores agroalimentarios da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, certificados en calidade e sustentabilidade.
- Incrementar a conectividade entre o Casco Histórico e o resto de zonas comerciais da cidade.

Para acadar os ditos obxectivos propóñense as seguintes accións:

Acción 4. Proxecto *Revitalización do comercio de Betanzos.Mercado sustentable.*

Para acadar os ditos obxectivos propónse un proxecto integrado con solucións para dotar dunha identidade á área comercial; potenciar a mobilidade e a accesibilidade nos tres eixos (Mercado Municipal, Centro Comercial Aberto e Mercado non Sedentario); incrementar a pegada económica comercial e a competitividade con novas canles de venda e distribución con base tecnolóxica; implantar ferramentas de sustentabilidade que acheguen valor aos produtos de quilómetro cero e incrementar a satisfacción do cliente.

O proxecto recolle as seguintes medidas, entre outras:

- A apertura e a boa explotación do mercado como un obxectivo prioritario
- Implantación de redes WIFI en zonas comerciais.
- Señalética integrada da oferta comercial.
- Sensibilización e formación teórica e práctica de habilidades, uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio, márketing dixital, explotación e análise de datos vinculados coa venda en liña independentemente da canle elixida para iso.
- Formación, sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular, reciclado e reutilización de produtos no modelo de negocio do sector comercial.
- Investimentos para reducir o consumo de insumos por parte do comercio e dos consumidores nos seus establecementos, e a substitución destes por outras alternativas máis respectuosas co medio ambiente.
- Optimización das operacións de distribución comercial, entrega e devolución do produto ou do residuo cando cumpra, mediante a adopción de novas tecnoloxías e ecosistemas colaborativos que diminúan os custos e o impacto ambiental, prestando especial atención á última milla.
- Investimento en obra e reforma para mellorar as instalacións, a súa accesibilidade, equipamentos e adecuación das zonas ocupadas por mercados municipais, áreas comerciais e mercados non sedentarios, e as súas áreas lindeiras.

O financiamento do dito proxecto prevese parcialmente con subvención a través dos fondos europeos.

Estas medidas complementaranse coas actuacións previstas para mellora de infraestruturas, zonas verdes e espazos libres no ámbito, que veremos en adiante.

L4.- Mellora da imaxe do comercio de proximidade e estratexias de comunicación primando a calidade e a economía circular.

Dentro do mentado Proxecto *Revitalización do comercio de Betanzos* (acción 4) contéplanse, así mesmo, actuacións a este respecto. Este proxecto basea a súa estratexia na conexión dos tres eixos de comercio existentes en Betanzos, que son complementarios entre si e que cada un deles ten a súa clientela: o Centro Comercial Aberto, o Mercado de Venda non Sedentaria e o Mercado Municipal. Para iso, realízase o deseño e implantación de sinalética corporativa para a zona comercial que incorporará *beacons*, co obxectivo de facilitar a mobilidade e incrementar a experiencia do cliente. A información achegada polos *beacons* intégrase nunha plataforma de *Marketplace*. Na mesma estarán integrados todos os comercios e permitiralles diversificar as súas canles de venda e incrementar competitividade. Esta plataforma, ademais de constituír unha canle de venda, conterá información comercial e turística do territorio, enquisa de satisfacción para

mellorar a satisfacción dos clientes e, ademais, integrará solucións para o fomento da inclusividade, como un sistema de lectura fácil e locucións auditivas. De apoio á plataforma, instalaranse pantallas interactivas para que o cliente identifique a zona comercial e tamén as ofertas e información dos diferentes negocios. Para que estes elementos funcionen con alta velocidade de conexión, instalaranse zonas WIFI en diferentes puntos.

O presente e futuro do comercio debe ser sustentable e, por este motivo, ademais das accións mencionadas, incluíranse outras como son as novas embalaxes para o comercio compostables e realizados con material reciclado e a subministración de illas ecolóxicas que fomenten e faciliten a reciclaxe no Mercado de Venda non Sedentaria, debido a que xera gran cantidade de residuos. A mellora ambiental tamén se produce optimizando procesos e, neste caso, aqueles de distribución mediante a implantación de despachos de billetes intelixentes que permitan recoller as compras. Estes despachos de billetes poderán ser refrixeradas para determinados produtos.

L5.- Apoio á rehabilitación xerando programas de axuda e dando prioridade ás actuacións de eficiencia enerxética e sustentabilidade.

A Oficina de Rehabilitación municipal resulta a chave fundamental no impulso de programas estatais e autonómicos sobre rehabilitación e vivenda, proporcionando información e asistencia técnica e administrativa aos cidadáns para a tramitación de axudas, e ofrecendo a cooperación necesaria entre administracións.

O Plan estatal de vivenda está regulado no Real decreto 326/2026, do 22 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de vivenda 2026-2030.

Este plan impulsa tres grandes liñas de actuación, desenvoltas nunha serie de actuacións, sempre que se cumpran os requisitos que se esixan e dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes:

1. Medidas para o incremento da oferta de vivenda pública e a reversión das zonas de mercado residencial tensionado.

- O incremento do parque de vivenda pública.
- O incremento do parque de vivenda protexida con carácter permanente.
- O impulso de vivenda cooperativa en cesión de uso, de aloxamentos, de edificios ou complexos de vivendas interxeneracionais e de solucións residenciais deseñadas en torno á interrelación das persoas.
- O impulso a los procesos de industrialización avanzada en la construcción de viviendas.
- El impulso á calidade da arquitectura.

2. Medidas para fomentar a rehabilitación edificatoria, a accesibilidade e a rexeneración e renovación urbana e rural.

- Axuda á rexeneración e renovación urbana e rural.
- Rehabilitación integral de edificios de vivendas.
- Rehabilitación dentro das vivendas.
- Rehabilitación de vivendas baleiras para alugueiro social ou asequible.
- Axuda adicional para vivendas en edificios con protección patrimonial.

3. Medidas para facilitar o acceso á vivenda ás persoas demandantes de vivenda reducindo a taxa de esforzo para o pago da vivenda facilitando o adianto da idade de emancipación.

- Axudas para a emancipación das persoas xoves.
- Axuda as vítimas de violencia de xénero, de violencia sexual, familias monoparentais e monomarentais, persoas obxecto de desafuzamentos da súa vivenda habitual, persoas en situación de chabolismo, infravivenda e en emerxencia habitacional, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables.
- Axuda xeral ao alugueiro de vivenda.

Por outra banda, o II Pacto social da vivenda de Galicia 2026-2030, recolle as liñas de actuación pública na materia e que se constitúe como un instrumento de planificación das políticas públicas neste campo para o período 2026-2030 na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu contido é o seguinte:

1. Consideracións previas.
2. Liña estratéxica 1.- Acceso á vivenda
 - Eixe 1. Promoción de vivenda
 - Eixe 2. Medidas para facilitar o acceso á vivenda
3. Liña estratéxica 2.- Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
 - Eixe 1. Rehabilitación pública de vivenda
 - Eixe 2. Fomento da rehabilitación polos particulares
4. Liña estratéxica 3.- Solo residencial
 - Eixe 1. Solo residencial
5. Liña estratéxica 4.- outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación
6. Anexos

O programa de Área Rexurbe enmárcase dentro das accións da liña estratéxica 2, eixe 1.

Acción 5. Actuacións previstas no Plan de Barrios.

A Resolución do 8 de xullo de 2022 regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEu e abre o prazo de participación para a anualidade 2022.

A instancias do concello, e través do IGVS, a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou o financiamento das actuacións no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) do “Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección”, situado no termo municipal de Betanzos, obtendo o seguinte resultado concedido:

ANUALIDADE	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMIN.	ACHEGAS PROMOTORES PRIVADOS	TOTAL
2022	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
2023	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
2024	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
2025-2026	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
TOTAL	700.000,00 €	0,00 €	0,00 €	2.060.000,00 €	2.760.000,00 €

A contorna residencial de rehabilitación programada é coincidente coa declaración de Área de Rehabilitación Integral do Centro histórico Betanzos, o Barrio da nosa Señora do Camiño e o Barrio da Madalena. Non obstante, como pode observarse a continuación, o foco da necesidade de rehabilitación permanece no Casco Histórico.

Relación inmobles a actuar 1ª convocatoria:

Nº	TIPO	SITUACIÓN	TIPO DE OBRA
1	REHABILITACIÓN	Ferradores 13, baixo	Substitución de cuberta
2	REHABILITACIÓN	Ferradores 13, 1º	Substitución de cuberta
3	REHABILITACIÓN	Ferradores 13, 2º	Substitución de cuberta
4	REHABILITACIÓN	Porta da Vila 2, 2º	Reparación de galería
5	REHABILITACIÓN	Porta da Vila 2, 3º	Reparación de galería
6	REHABILITACIÓN	Porta da Vila 2, BC	Reparación de galería
7	REHABILITACIÓN	Castro, 5, 3º	Rehabilitación da galería e outra carpintería exterior
8	REHABILITACIÓN	Santiago 2, 2º	Rehabilitación integral
9	REHABILITACIÓN	Santiago 2, 3º	Rehabilitación integral
10	REHABILITACIÓN	Constitución 3, baixo A	Mellora envolvente térmica
11	REHABILITACIÓN	Constitución 3, baixo B	Mellora envolvente térmica
12	REHABILITACIÓN	Constitución 3, baixo C	Mellora envolvente térmica
13	REHABILITACIÓN	Constitución 3, 1º	Mellora envolvente térmica
14	REHABILITACIÓN	Constitución 3, 2º	Mellora envolvente térmica
15	REHABILITACIÓN	Constitución 3, 2º	Mellora envolvente térmica

16	REHABILITACIÓN	Constitución 3, 3º	Mellora envolvente térmica
17	REHABILITACIÓN	Santiago 2, 1º	Mellora envolvente térmica
18	REHABILITACIÓN	Santiago 2, baixo A	Mellora envolvente térmica
19	REHABILITACIÓN	Santiago 2, baixo B	Mellora envolvente térmica
20	REHABILITACIÓN	Santiago 2, baixo C	Mellora envolvente térmica
21	REHABILITACIÓN	Travesía da Torre, 4	Rehabilitación enerxética
22	REHABILITACIÓN	Rúa Alfolí, 2	Rehabilitación enerxética
23	REHABILITACIÓN	Rúa do Castro, 4-6, 2º	Rehabilitación enerxética
24	REHABILITACIÓN	Rúa Ferradores, 17, 4º	Rehabilitación enerxética
25	REHABILITACIÓN	Rúa Noas, 29	Rehabilitación enerxética
26	REHABILITACIÓN	Rúa Nova, 40 - Rúa Torre, 18	Rehabilitación enerxética
27	REHABILITACIÓN	r/ Travesa, 47, 1º	Rehabilitación enerxética
28	REHABILITACIÓN	r/ Marina, 77, 2º	Rehabilitación enerxética
29	REHABILITACIÓN	r/ Marina, 10	Rehabilitación enerxética
30	REHABILITACIÓN	r/ Ferreiros, 13, 2º dcha.	Rehabilitación enerxética
31	REHABILITACIÓN	1ª Venela Clérigos, 1	Rehabilitación enerxética
32	REHABILITACIÓN	r/ Cañota, 54	Rehabilitación enerxética

L6.- Mellora nos servizos de atención ao cidadán e simplificación das tramitacións.

Ademais das melloras de medios prevista para a Oficina de Rehabilitación, propónse, como medida de seguridade xurídica para as tramitacións de obras no Casco Histórico, a redacción dun novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico.

Acción 6: Redacción dun novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico.

A proposta basease na necesidade de revisión do PEPOCH (BOP núm. 92, do 23 de abril de 2001), que non abrangue a totalidade do ámbito do Conxunto Histórico declarado no 1985, ademais de resultar anterior a primeira lei de patrimonio Galega (Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia), xerando situacións de inseguridade xurídica pola súa antigüidade.

Dáse a circunstancia de que na aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, a súa disposición transitoria quinta (na recente redacción dada polo artigo 31da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en segunda modificación trala do artigo41 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) limita ata o31 de decembro de 2028 o prazo no que os concellos que contén cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da anterior lei de Patrimonio (Lei 8/1995, do 30de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia) poderán seguir a exercer as súas competencias no ámbito do dito plan. Nese caso atópase o PEPOCH de Betanzos.

A partir do vencemento do prazo sinalado, en cumprimento do artigo 58 da Lei5/2016, o concello deberá someter todas as actuacións no ámbito do plan especial á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, situación que terá como consecuencia previsible unha xestión máis ineficiente e longa de calquera obra de rehabilitación ou mellora do ámbito histórico.

Con esta intervención procúrase conseguir unha maior seguridade xurídica e maior axilidade nos trámites, o que facilitará a iniciativa en todo o ámbito da Area Rexurbe.

No 2019 asinouse un convenio entre o Concello e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o financiamento da revisión do PEPOCH vixente, que data do 1992. Ao abeiro deste convenio, levouse a cabo a contratación dun equipo redactor (Expte. núm. 2019/C004/000005), que chegou a elaborar o documento que obtivo o Informe Ambiental Estratéxico preceptivo (publicación DOG núm. 21 do 01.02.2022).

Na actualidade, tras a necesidade de rescisión do contrato do equipo redactor por incumprimento dos prazos, realizouse un concurso para a redacción do plan e retomar o curso dos trámites xa iniciados, tendo en conta que a vixencia do IAE acaba ata 01.02.2028.

O custe estimado para a redacción da documentación final do planeamento estímase en 150.000,00€ euros. O financiamento é participado coa Consellería mediante recuperación do antigo convenio.

L7.- Ampliación de equipamentos públicos e oferta de servizos e espazos libres.

Acción 7: Proxecto Revitalización do comercio de Betanzos. Creación de dous novos parque públicos no ámbito.

No marco do Proxecto *Revitalización do comercio de Betanzos* (que tamén inclúe outras actuacións-acción 4) procúrase unha revitalización do tecido comercial da cidade de Betanzos a nivel tecnolóxico e social. Planéase a creación de espazos libres e zonas verdes de espaxamento para habitantes e clientes. Buscáronse dous emprazamentos situados no corazón do Centro Histórico e próximos á maioría do comercio de Betanzos, buscando que a distancia a pé sexa menor de 300 m.


1. Créase un gran parque no interior dunha mazá que esta baleira, e onde se poden crear actividades complementarias ao comercio, así como un espazo para o día a día dos habitantes da cidade.

2. E un segundo espazo nunha parcela baleira xa en pleno triángulo do comercio, entre o Mercado de Abastos, a Rúa Travesa como Centro Comercial Aberto e o Mercado Quincenal como Espazo de Comercio Non Sedentario. Neste espazo máis pequeno búscase ofrecer un servizo de cafetería e descanso ou encontro social durante o tempo de compras.

Con esta reactivación do comercio búscase que o resto da cidade vexa mellorado a súa calidade de vida:

- ❖ Cun comercio activo atrae xente dinamizadora á cidade que ocupa os baixos comerciais e as vivendas deshabitadas.
- ❖ Isto mellora a calidade das dotacións e infraestruturas sociais: parques, deportes, colexios, sanidade, transportes, etc.

Plano de localizacións (áreas en verde novos parques):



L8.- Reforzo da conexión co resto da zona urbana.

(ademais das medidas relacionadas na Acción 9: PMUS, así como os reclamos que supoñen a posta en funcionamento do novo modelo de mercado municipal (Acción 11), e as actuacións relativas ao PST (Acción 10))

L9.- Definición e planificación da oferta turística.

Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística (PST).

O proxecto engloba dous conceptos fundamentais, por unha banda o factor histórico artístico de Betanzos, poñendo en valor a historia medieval e o valor inmaterial de ser capital provincial entre os séculos XV e XIX e doutra banda, o concepto de casco vivo e dinámico da actualidade, que atesoura aínda o carácter señorial doutro tempo e é escaparate do produto local da comarca e da Reserva da Biosfera á que pertence.

Con ambos os conceptos elabórase un proxecto no que os visitantes poderán lograr unha inmersión nas épocas medieval e modernas, mediante roteiros experienciais tanto guiadas como autoguiadas a través de sinalización intelixente, realidade aumentada e virtual, así como comprender todas as épocas nun centro interpretativo nun edificio emblemático. Estes roteiros poderán realizarse tanto a pé como alugando bicicletas eléctricas que funcionarán en rede e que

ademais permitirán a conexión con outros recursos vinculados ao centro histórico pero que se atopan fóra do mesmo, como o río ou o Parque do Pasatempo.

Así mesmo, o visitante poderá tamén gozar da enogastronomía local mediante actividades de degustación e promoción dos produtos agroalimentarios certificados coa marca "Reserva da Biosfera", de altísima calidade; naturais, sostibles e procedentes dos concellos próximos. Converterase por tanto Betanzos no escaparate dos produtores locais da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, que xa levan anos traballando en rede e están adheridos ao Club de Ecoturismo de España.

Así mesmo, nas rúas do centro histórico de Betanzos, o viaxeiro poderá empaparse da cultura desta vila paseando por rúas tematizadas, gozando dun miradoiro interpretativo e coñecer o patrimonio inmaterial a través dos seus residentes e nos establecementos hostaleiros e comerciais. Para iso, con este plan fomentárase a creación dun club de produto que impulse Centro Histórico, o incremento de oferta turística e unha maior dinamización.

Todo este plan constituirá unha experiencia inmersiva e diferenciadora a través da historia de Betanzos, que permitirá vivir o pasado e o presente deste territorio combinado ademais con outros proxectos como aqueles que se están levando a cabo a través da Reserva da Biosfera.

Para lograr estes resultados, o Plan de Sustentabilidade Turística baséase nos 4 eixos do programa:

- Eixo de Transición Verde e Sostible, no que se abordan novas infraestruturas e equipamentos turísticos. A creación dun centro de interpretación como espazo turístico e museístico, o deseño de roteiros temáticos que permitan descubrir a historia do territorio e a rehabilitación dun edificio emblemático para un espazo turístico e cultural son accións que sentarán a base para unha oferta diferencial.
- Eixo de Mellora da Eficiencia Enerxética. No devandito eixo abordarase a xeración de valor dos roteiros temáticos creados no eixo 1 mediante a súa dotación de vías de cicloturismo, a subministración dun sistema de alugueiro de vehículos eléctricos que funcionen en rede e iluminación eficiente dos recursos incluídos nos devanditas roteiros. Tamén se realizará un plan de mobilidade, que fomentará a estratexia dun centro histórico sostible. Proponse tamén a redacción dun estudo de iluminación artística e ornamental do casco histórico, que realce o desfrute dos seus valores.
- Eixo de Transición Dixital, con actuacións que continúan a posta en valor e dos roteiros creados no eixo 1 como é a inclusión de solucións de dixitalización inmersiva nas mesmas mediante realidade aumentada e virtual e un plan de sinalización intelixente. Neste eixo xerarase valor engadido tamén no Centro de Interpretación, mediante a dotación de contidos dixitais.
- Eixo de Competitividade. Trata da cooperación público-privada para un casco vivo xerando ferramentas como un club de produto e unha oficina de dinamización. Tamén se abordarán intervencións de posta en valor como a tematización e a creación dun miradoiro interpretativo.

L10.- Recuperación do Patrimonio.

Acción 11: Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para as Entidades Locais (PIREP local): Obra Rehabilitación do Mercado Municipal de Betanzos.

Esta convocatoria é regulada pola Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro (BOE do 11 de marzo de 2022) para o fomento da rehabilitación integral do parque público edificado das Entidades Locais e

encádrase no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía (PRTR).

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA), a través do PIREP, convoca estas axudas en réxime de concorrência competitiva entre Entidades Locais, para a rehabilitación sostible do parque público institucional. Así mesmo, e de conformidade coa coherencia das políticas deste Ministerio, as actuacións que sexan obxecto de financiamento deberán ter un carácter integrado, no sentido definido pola Axenda Urbana Española (AUE), e responder os criterios de sustentabilidade, inclusión e calidade estética previstos pola Nova Bauhaus Europea, sen perder de vista o principal obxectivo dun aforro enerxético medio por encima do 30%.

No marco destas axudas o Concello de Betanzos obtivo financiación por importe de 1.482.081,58 € para a realización do proxecto Obra Rehabilitación do Mercado Municipal de Betanzos, xa adxudicado e en fase de execución (expediente núm. 2022/C004/000005), por un valor do contrato de 1.638.161,97 €.

O Mercado sitúase na zona vella de Betanzos dando ao norte á rúa do Azougue, sur rúa Nova, este rúa Peixería e oeste Praza de Fernán Pérez de Andrade “O Bo” e paso –sen nome- a rúa Nova. O Mercado é veciño da Igrexa de Santa María do Azougue e da Igrexa de San Francisco de Betanzos.

As actuacións recollidas no proxecto consisten en:

- Ampliar os postos de venda, mantendo postos en planta baixa e recuperando o uso de postos na planta primeira, desmontando a entreplanta de importantes dimensións engadido a principios de SXXI.
- Realizárase unha pequena entreplanta sobre zona de vendas da planta primeira.
- Recuperar o paso de iluminación natural que no proxecto primitivo realizábase a través dun forxado de pavés na zona intermedia do mesmo, a proposta pretende abrir o forxado de modo que a iluminación natural asolague o espazo como, doutra banda acontece nos mercados tradicionais. Primar a relación co exterior, claridade de accesos e circulacións e prever a utilización da praza como extensión do mercado, coa restauración da fachada orixinal de forma integral.
- Mellorar o illamento térmico da envolvente e facer máis eficientes e sostibles os sistemas de produción de climatización. No deseño buscouse obter diversidade de ambientes de modo que o desfrutar do usuario obteña distintos matices, que se desenvolven de forma diferente nas distintas plantas.
- En planta baixa dispóñense vestiarios para persoal, aseos públicos, espazos para limpeza e acceso instalacións, ademais dos postos de venda.
- En planta primeira dispóñense postos de venda.
- En entreplanta sobre postos de venda de primeira dispónse zona de bar.
- Un novo ascensor e escaleiras comunican todas as plantas.

L11.- Medidas de equilibrio social e económico.

Acción 8: Aprobación dunha ordenanza de conservación e rehabilitación.

A entrada en vigor da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (DOG núm. 83, de 02/05/2019 e BOE núm. 126, de 27/05/2019), que tivo lugar o 22/05/2019, introduce ferramentas que contribúen a impulsar o equilibrio social e económico en ámbitos degradados mediante o fomento da rehabilitación e conservación.

O obxectivo principal da nova Ordenanza é adaptar a regulación municipal dos procedementos que teñen por obxecto o cumprimento dos deberes de conservación dos inmobles á actual normativa autonómica. Ao mesmo tempo, preténdese:

- a) Axilizar e simplificar a tramitación dos procedementos.
- b) Facilitar a tramitación dos procedementos iniciados polas persoas interesadas.
- c) Deslindar os asuntos da competencia municipal dos que deben tramitarse na vía civil.
- d) Adaptar os supostos legais de ruína á normativa en vigor.
- e) Simplificar a regulación dos supostos de execución subsidiaria por razóns de urxencia.
- f) Precisar e desenvolver as cuestións que o vixente decreto do informe de avaliación de edificios deixa ao criterio municipal.
- g) Establecer o inventario municipal do inmobles con respecto aos cales se dite a declaración de incumprimento dos deberes de conservación ou rehabilitación.
- h) Regular as medidas aplicables no caso de incumprimento dos devanditos deberes.
- i) Regular a venda forzosa como sistema de actuación elixido, no caso de que o procedemento resólvese coa estimación de concorrencia de incumprimento.
- j) Regular a solicitude de aplicación do canon de inmobles en estado de abandono.
- j) Dar cumprimento ás obrigas rexistras do procedemento para a declaración do incumprimento.

Acción 12: Obtención dun edificio para alugueiro social.

Preténdese obter mediante expropiación forzosa un edificio completo sito en Rúa Cabildos, mediante a tramitación do procedemento recollido na Lei 1/2019 para a execución forzosa do cumprimento do deber legal de conservación, tras a aprobación da Ordenanza municipal prevista.

Se trata dun edificio catalogado individualmente no PEPOCH (cozada 40.278, parcela 33, ficha núm. 163) con nivel de protección estrutural, con adecuadas posibilidades de adaptación ás necesidades do uso proposto, tendo en conta que, segundo a normativa urbanística, admite incluso obras de reestruturación. Conta con baixo e primeira planta con accesos independentes, cunha superficie gráfica de 102 m², máis que suficiente para acoller dúas vivendas. Precisa de obras de rehabilitación e reestruturación de cuberta para a súa adecuación.

L12.- Impulso da mobilidade sustentable.

Acción 9: O Plan de Mobilidade Urbana Sustentable (PMUS).

A mobilidade é fundamental nas políticas urbanas debido ao crecemento das cidades nas últimas décadas e á complexidade dos usos do solo para as actividades socioeconómicas e produtivas que demanda a poboación.

A planificación dos sistemas de transporte (infraestruturas e servizos) constitúen a base sobre a que se fixan as directrices de desenvolvemento urbano e cuxa definición incide moito na calidade de vida dos cidadáns, xa que un modelo de transporte sostible, eficiente e accesible reduce as desigualdades existentes no territorio e entre as clases sociais.

A mobilidade urbana é un dos elementos fundamentais das políticas urbanísticas. Por iso é necesario garantir un sistema de transporte público eficiente, fiable e seguro para os seus habitantes.

Coidando a importancia da mobilidade para acadar o obxectivo de conseguir cidades máis sostibles, que combatan a conxestión e a contaminación, a planificación urbanística debe, por tanto, centrarse no peón e no fomento do transporte público, reducindo así as distancias e as necesidades de transporte.

Nestes dous aspectos fundamentais, a mobilidade eficiente e a redución da distancia, baséase o Obxectivo Estratéxico 5 da Axenda Urbana Española: Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible.

Este enfoque da planificación da mobilidade na cidade de Betanzos dende a perspectiva da Axenda Urbana Española realizouse fundamentalmente a través dun documento, a revisión do Plan de Mobilidade Sostible (PMUS) do Concello de Betanzos 2021 (o cal non conta aínda con aprobación plenaria), que constitúe o instrumento de planificación da mobilidade supramunicipal en Betanzos e a súa contorna, fixando as directrices, criterios, obxectivos temporais e propostas estratéxicas encamiñadas a vertebrar un sistema colectivo de transporte público e mobilidade de ámbito metropolitano, multimodal e integrado.

O PMUS do Concello de Betanzos formula unha serie de Liñas Estratéxicas orientadas a catalizar un cambio no modelo de mobilidade actual coa finalidade de amentar a súa sensibilidade e mellorar a súa inclusión social.

E necesario fomentar os modos de desprazamento non motorizados, potenciar o transporte público e a racionalización do uso do automóbil para acadar unha boa posición de partida con respecto ao Obxectivo Estratéxico 5_Promover a proximidade e a mobilidade sostible, que propón a Axenda Urbana Española.

Betanzos é unha cidade compacta, que, xunto coa distribución das súas instalacións, permite que máis do 97% da poboación resida a menos de 500 metros de servizos públicos e zonas verdes, favorecendo os desprazamentos de formas máis sostibles.

O modelo territorial desexado é o dunha cidade e un territorio vertebrados e conectados, con espazos urbanos compactos, multifuncionais e usos mixtos residenciais, comerciais, de servizos e produtivos. Son imprescindibles espazos de relación de calidade e zonas verdes e naturais, que melloren a saúde, a calidade de vida e a integración da poboación.

O modelo urbano que se opte para articular o crecemento territorial debe ter a aspiración de favorecer a proximidade e a mobilidade sostible. Os modelos baseados nun crecemento disperso e expansivo aumentan as distancias de percorrido e a necesidade case inexorable de utilizar un

vehículo particular (xeralmente o coche) para desprazarse pola imposibilidade e dificultade de implantar servizos de transporte de calidade (frecuencias, horarios, rutas, paradas, etc.), como sería o caso de Betanzos.

Ademais, a dependencia do automóbil está asociada a un gran e moi importante consumo de espazo e enerxía cos seus impactos ambientais asociados.

Así, este obxectivo estratéxico trata de dar resposta ao reto que presenta a mobilidade en Betanzos, facendo un diagnóstico da cidade segundo os indicadores descritivos sinalados pola Axenda Urbana Española en materia de mobilidade e transporte, tales como: a superficie de infraestruturas de transporte, a taxa de motorización, densidade de liñas de autobuses, oferta de liñas de autobuses por habitante, oferta de asentos de autobuses por habitante, accesibilidade aos servizos de transporte público ou dotación e densidade de vías para bicicletas, entre outros.

O análise e diagnose do PMUS deriva na proposta de actuacións, que inciden no Centro Histórico e a súa conectividade: programa de mellora da rede peonil, programa de mellora de camiños rurais, rede de itinerarios ciclistas municipais, sistema público de aluguer de bicicletas, rede de aparcamentos de bicicletas, mellora da rede peonil, unha rede de itinerarios ciclistas municipais, un sistema público de alugueiro de bicicletas, prazas de aparcadoiro, campañas de información, sinalización de itinerarios e de información do servizo, delimitar zonas de prioridade peonil (entre elas o ámbito do Centro histórico), microproxectos de actividade e estancia no espazo público, redacción dun Plan de Coordinación entre o planeamento urbanístico e as estratexias de mobilidade, delimitación dunha zona de Baixas emisións no ámbito, rede de puntos de recarga para vehículos eléctricos, etc.

L13.- Posta en valor da Historia e localización do Casco Histórico.

O Servizo de Turismo do Concello de Betanzos leva a cabo durante todo o ano accións que inclúen aspectos formativos e de coñecemento da Historia do Casco Histórico por parte dos visitantes. Preténdese ampliar e mellorar o servizo.

Acción 13: Rutas guiadas.

As Rutas guiadas supoñen un xeito enriquecedor de visitar Betanzos, das que se propoñen as seguintes:

Roteiro do casco histórico medieval: O obxectivo desta ruta é dar a coñecer todo o patrimonio histórico artístico dun xeito xeral. A través do percorrido polo recinto medieval da cidade (a única en Galicia que conserva tres portas medievais) coñeceranse os episodios da cidade, feitos curiosos, visitando os principais monumentos. Percorrido: PRAZA DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA (Estatua dos Irmáns García Naveira, Igrexa de Santo Domingo, Edificio Arquivo, Antigo Hospital de San Antonio, Fonte de Diana Cazadora e Soportais), PALCO DA MÚSICA, PORTA DA VILA, PRAZA DA CONSTITUCIÓN (Casa Núñez, Pazo de Bendaña, Concello, Pazo e Torre de Lanzós), IGREXA DE SANTIAGO, RÚA DOS FERREIROS (Pazo de Taboada e Porta da Ponte Nova), IGREXA DE SANTA MARÍA DE AZOUGUE, IGREXA DE SAN FRANCISCO (Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade “O Boo”), PORTA DO CRISTO, RÚA DA CERCA, PORTA DA PONTE VELLA, CONVENTO DAS AGUSTINAS RECOLETAS, CASAS POPULARES DA FONTE DE UNTA.

Roteiro dos irmáns García Naveira: O obxectivo desta ruta é dar a coñecer o labor dos Irmáns García Naveira, Juan e Jesús, dous importantes benefactores da cidade no inicio do século XX. Estes indianos lograron unha gran fortuna que dedicaron, ao seu regreso a Betanzos, á construción de grandes obras benéficas para os desfavorecidos e á creación dun lugar de ilusión, o xardín do Pasatempo, un parque enciclopédico que garda moitos soños por descubrir. Aínda que varios dos elementos relacionados se atopan fóra do ámbito do Casco Histórico, resultan imprescindibles para explicar os aspectos fundamentais desta época. Percorrido: ESTATUA DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA, CASA DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA, CASA DO POBO, ESCOLAS DE DON JESÚS GARCÍA NAVEIRA, PARQUE DO PASATEMPO, LAVADOIRO PÚBLICO, ESCOLA, ASILO GARCÍA IRMÁNS.

Roteiro de oficios e tradicións: O obxectivo desta ruta é dobre: por unha banda, explicar a configuración da cidade de Betanzos desde os comezos como o Castro de Untia ata a súa transformación nunha vila medieval e o paso á época contemporánea. Doutra banda, revisaranse os antigos oficios e gremios da cidade (que aínda perduran no rueiro) e as industrias que deron fama a Betanzos como pode ser o cultivo do viño, o lúpulo, a carpintería de ribeira ou os areneiros. Incluíranse tamén algunhas lendas relacionadas coa cidade de Betanzos. Percorrido: MUSEO DAS MARIÑAS, PORTA DA VILA, RÚA DOS PRATEIROS, PORTA DA PONTE VELLA, PORTO, A GALERA, RUA VALDONCEL.

Roteiro do modernismo e o século XX: O obxectivo desta ruta é dar a coñecer os edificios e elementos máis característicos do estilo modernista que se poden contemplar na cidade de Betanzos. A principios do século XX, Betanzos experimenta unha profunda transformación deixando atrás as murallas medievais e construíndose unha serie de residencias familiares no estilo da época, o Modernismo. Arquitectos como o coñecido Rafael González Villar contribúen coa súa obra. Percorrido: FONTE DIANA CAZADORA, CASA VALDOLCEL Nº 7, CASA PITA, PALCO DA MÚSICA, CASA DE DONA ÁGUEDA, FAROIS DO CANTÓN, HOTEL RÚA NOVA, CASA NUÑEZ, CASA LIMIÑÓN, CASA DO POBO, ESCOLAS DE DON JESÚS GARCÍA NAVEIRA, MATADOIRO, FÁBRICA DE ELECTRICIDADE DA PONTE NOVA, CASA FLORA.

Acción14: Actividades de divulgación organizadas polo Museo das Mariñas.

(ademais das propostas no PST (Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística).

O Museo das Mariñas, inaugurado no ano 1983, está instalado no edificio do antigo convento de San Domingos (século XVII-XVIII), compartindo sede co arquivo e a biblioteca municipais. O museo está dedicado á ampla comarca das Mariñas, recollendo aspectos tanto históricos como etnográficos da mesma.

O comezo da visita faise cunha panorámica de personaxes destacados da sociedade medieval betanceira, rodeados por restos do mosteiro gótico de San Francisco, entre os que destaca unha estatua dun Santiago Peregrino do século XIV, a representación máis antiga desta figura en Galicia. A época romana está representada por pezas sobresaíntes como aras, estelas e muíños.

A sección de etnografía nesta planta presenta unha serie de maquetas dunha casa rural, e outras que nos introducen ó mundo dos traballos tradicionais do viño e do pan. Na Sala do Traxe, situada na planta alta, móstranse traxes populares de toda Galicia e outros da burguesía betanceira dos

séculos XVIII-XIX, ademais doutras pezas relacionadas co tecido, como as ferramentas dun xastre betanceiro.

No corredor alto atópanse diversos obxectos relacionados coa historia de Galicia e de Betanzos, como o globo que se lanza dende 1814, bandeiras e bustos. Nesta mesma planta hai unha sala dedicada ás Antigas Escolas e outra á Fundación Jimenez Cossío con bordados, encaixes e abanicos dos séculos XVI ó XX.

No corredor norte encóntrase a sala do apostolado da Escola de Rubens, con trece cadros e varios gravados procedentes de Amberes. A visita remata cunha mostra da evolución urbanística de Betanzos por medio de fotos, debuxos e maquetas.

Preténdese incrementar a actividade divulgativa do Museo, así como a publicidade turística do mesmo.

Acción 15: Redacción dun estudo de iluminación artística e ornamental do casco histórico.

Proposta incluída no PST (relacionado con Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística).

L14.- Campañas de apoio ao produto local.

Acción 16: Colaboración en campañas de produtos Reserva biosfera.

Propostas incluídas no PST (relacionado con Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística).

Converterase Betanzos no escaparate dos produtores locais da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, que xa levan anos traballando en rede e están adheridos ao Club de Ecoturismo de España, en colaboración co Consorcio das Mariñas, mediante campañas publicidade en medios de comunicación, realización de eventos turísticos que inclúan degustacións, visitas turísticas aos mercados tradicionais, e facilitando ao comercio de proximidade en alimentación ferramentas para a aproximación ao cliente e ao turismo.

L15.- Mellora das infraestruturas de telecomunicacións e axudas para a implantación de empresas tecnolóxicas.

Acción 17: Facilidades para a instalación de nova empresa

Co obxecto de facilitar a instalación de nova empresa no Casco Histórico, creando así novos postos de traballo e consolidando poboación, propónse unha bonificación nos tributos municipais correspondentes ao trámite de comunicación previa para o inicio de actividades do 80%.

Así mesmo, a oficina do Centro Rexurbe elaborará un inventario cos locais comerciais sen actividade do CH, para realizar un estudo da posibilidade de crear un futuro viveiro de empresas integrado no CH.

Acción 18: Mellora da infraestrutura de fibra óptica e conexións de alta velocidade

Mellora da infraestrutura de fibra óptica e conexións de alta velocidade con empresas que xa teñen presentado o plan de despregamento, para que poda ampliarse e melloralas facilitando a instalación de teletraballo e conexión web de calidade que permita o desenvolvemento de negocios dixitais que poidan implantarse e propicie a atracción de empresas tecnolóxicas. Prestarase apoio e colaboración por parte do Servizo municipal de infraestruturas e obras.

CRONOGRAMA

ACCIONES	INVESTIMENTO	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4
Acción 1.	569.623,72	142.128,62	142.128,62	142.683,24	142.683,24
Acción 2A.	906.832,24	90.683,22	362.732,90	272.049,67	181.366,45
Acción 2B.	5.500.000,00	1.000.000,00	1.500.000,00	1.500.000,00	1.500.000,00
Acción 3.	7.288.596,68	1.822.149,17	1.822.149,17	1.822.149,17	1.822.149,17
Acción 4.	1.827.315,00	182.731,50	548.194,50	730.926,00	365.463,00
Acción 5.	2.760.000,00	690.000,00	690.000,00	690.000,00	690.000,00
Acción 6:	150.000,00	30.000,00	45.000,00	45.000,00	30.000,00
Acción 7:	Incluído en acción 4				
Acción 9:	Incluído en acción 9				
Acción 10:	2.330.000,00	0,00	460.000,00	1.125.000,00	745.000,00
Acción 11:	1.638.161,97	1.638.161,97	0,00	0,00	0,00
Acción 8:	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Acción 12:	28.842,27	0,00	0,00	0,00	28.842,27
Acción 9:	2.764.004,24				
Acción 13:	72.636,28	18.159,07	18.159,07	18.159,07	18.159,07
Acción 14:	80.000,00	20.000,00	20.000,00	20.000,00	20.000,00
Acción 15:	Incluído en acción 4				
Acción 16:	Incluído en acción 10				
Acción 17:	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Acción 18:	2.318.400,00	579.600,00	579.600,00	579.600,00	579.600,00
	28.234.412,40	6.213.613,56	6.187.964,26	6.945.567,15	6.123.263,19
	100,00%	22,01%	21,92%	24,60%	21,69%

BLOQUE IV – VIABILIDADE ECONÓMICA

VIABILIDADE ECONÓMICA

Tal e como indica o propio IGVS, diferentes estudos e experiencias veñen demostrando a grande incidencia da rehabilitación no impulso da actividade económica e do emprego. Segundo indica o “Informe sobre a situación do sector da vivenda en España” elaborado no ano 2010 polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, por cada millón de euros de investimento inicial en rehabilitación de vivendas créanse 56,5 empregos directos, indirectos e inducidos (outros estudos como o “Cambio global España 2020 – 2050” da Universidade Complutense, elevan esta cifra hasta 63 empregos), o que pon de manifesto a notable intensidade que ten a rehabilitación en termos de emprego, que ademais ten un grande efecto arrastre en empresas auxiliares e subcontratistas.

A colaboración entre administracións en materia de financiamento é fundamental á hora de abordar as actuacións necesarias para a rehabilitación e rexeneración do ámbito. Non so nas actuacións que propoña e execute o concello naqueles inmobles e propiedades públicas ou naqueles que poida adquirir ao amparo do Plan de Dinamización, senón que tamén para incentivar e axudar a que os particulares e entidades privadas aborden a rehabilitación das súas propiedades ou aposten por investir en inmobles que requiran dunha rehabilitación.

Así, ademais dos propios medios do concello, das liñas de axuda autonómicas, da Deputación ou estatais, será necesario a obtención de recursos europeos, ou o establecemento de convenios coas entidades financeiras.

Na memoria de viabilidade económica do Plan de Dinamización, defínense economicamente as actuacións a realizar, establécese unha orde de prioridade destas, así como a programación temporal das mesmas. Ademais estúdase o impacto do Plan en canto aos gastos e ingresos municipais.

POSIBILIDADES DE FINANCIAMENTO: LIÑAS DE AXUDAS EXISTENTES

- **O Plan estatal de vivenda** está regulado no Real decreto 326/2026, do 23 de abril, polo que se regula o Plan Estatal da vivenda 2026-2030

Este plan impulsa tres grandes liñas de actuación, desenvoltas nunha serie de actuacións, sempre que se cumpran os requisitos que se esixan e dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes:

1. Medidas para o incremento da oferta de vivenda pública e a reversión das zonas de mercado residencial tensionado.

- O incremento do parque de vivenda pública.
- O incremento do parque de vivenda protexida con carácter permanente.

- O impulso de vivenda cooperativa en cesión de uso, de aloxamentos, de edificios ou complexos de vivendas interxeneracionais e de solucións residenciais deseñadas en torno á interrelación das persoas.
- O impulso a los procesos de industrialización avanzada en la construcción de vivendas.
- El impulso á calidade da arquitectura.

2. Medidas para fomentar a rehabilitación edificatoria, a accesibilidade e a rexeneración e renovación urbana e rural.

- Axuda á rexeneración e renovación urbana e rural.
- Rehabilitación integral de edificios de vivendas.
- Rehabilitación dentro das vivendas.
- Rehabilitación de vivendas baleiras para alugueiro social ou asequible.
- Axuda adicional para vivendas en edificios con protección patrimonial.

3. Medidas para facilitar o acceso á vivenda ás persoas demandantes de vivenda reducindo a tasa de esforzo para o pago da vivenda facilitando o adianto da idade de emancipación.

- Axudas para a emancipación das persoas xoves.
- Axuda as vítimas de violencia de xénero, de violencia sexual, familias monoparentais e monomarentais, persoas obxecto de desafiuzamentos da súa vivenda habitual, persoas en situación de chabolismo, infravivenda e en emerxencia habitacional, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables.
- Axuda xeral ao alugueiro de vivenda.

- O **II Pacto social da vivenda de Galicia 2026-2030**, recolle as liñas de actuación pública na materia e que se constitúe como un instrumento de planificación das políticas públicas neste campo para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu contido é o seguinte:

1. Consideracións previas.

2. Liña estratéxica 1.- Acceso á vivenda

Eixe 1. Promoción de vivenda

Eixe 2. Medidas para facilitar o acceso á vivenda

3. Liña estratéxica 2.- Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas

Eixe 1. Rehabilitación pública de vivenda

Eixe 2. Fomento da rehabilitación polos particulares

4. Liña estratéxica 3.- Solo residencial

Eixe 1. Solo residencial

5. Liña estratéxica 4.- outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación

6. Anexos

O programa de Área Rexurbe enmárcase dentro das accións da liña estratéxica 2, eixe 1.

O Concello de Betanzos tramitará as correspondentes convocatorias de axudas conforme os requisitos previstos no planes, así como á normativa estatal e autonómica reguladora das subvencións e, en particular, asegurarán a presentación das declaracións previstas na citada orde

tanto para as persoas que interveñen na tramitación e xestión das convocatorias como as que teñan que presentar as persoas beneficiarias das axudas.

Dentro de estes dous planes estratéxicos, convócanse axudas específicas, das que se teñen en conta especialmente as seguintes, por resultar as máis adecuadas á proposta de actuación:

- Programa de Áreas de rehabilitación integral (ARI). Actualmente Betanzos ten vixente un convenio de financiamento asinado ao abeiro do programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas (ARRU) correspondentes ao obxectivos de 2021, que está no seguinte estado de execución.
- Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio. Este programa ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados *Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada* (ERRP) previamente delimitados en concellos de calquera tamaño de poboación.

As anteriores actuacións poden complementarse cos distintos programas de axuda para o acceso á vivenda que xestiona o IGVS dirixidos a particulares como son os seguintes:

- Programa Fogar Vivo (código de procedemento VI426F e VI426H). Este programa pretende continuar fomentando o acceso a fogares dignos, de calidade e a rendas accesibles, mediante a posta no mercado do alugueiro de vivendas baleiras. Este programa está dirixido ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas. No DOG núm. 39 febreiro de 2026, publicouse a Resolución do 24 de febreiro de 2026, de convocatoria das axudas deste programa para o ano 2026, con financiamento plurianual.

A través desta resolución reformuláronse os dous programas existentes, co fin de integrar as súas actuacións nun único programa, que se desenvolve a través de dúas seccións diferenciadas, unha xestionada pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo e outra polos concellos que que obteñan a condición de entidade colaboradora. As actuacións terán un límite de 16.000 euros por vivenda para: fronte ao custo da contratación dos seguros de impago de rendas e/ou seguros de multirrisco de fogar, para a adecuación e reparación da vivenda e unha axuda vinculada

- Programa do bono alugueiro social prestación. Este programa de axudas ten como obxecto facilitar o acceso á vivenda en alugueiro ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables. No DOG Núm. 133 Mércores, 13 de xullo de 2022 publicouse a Resolución do 1 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do bono de alugueiro social e se procede á súa convocatoria continuada e permanente ata o esgotamento do crédito (código de procedemento VI482F).
- Programa de avais para a adquisición de vivenda. O programa de avais para a ten por obxecto prestar unha cobertura temporal e financeira, de carácter persoal, para a adquisición da primeira vivenda por aquelas persoas que na data de presentar a correspondente solicitude teñan menos de trinta e seis anos ou sexa unha vivenda cualificada definitivamente como de protección

autonómica. O programa xestionarase en colaboración coas entidades financeiras que se adhiran a el a través da sinatura dun convenio co IGVS. No DOG Núm. 69 do 11 de abril de 2023 publicouse a Resolución do 5 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a mocidade, se dá publicidade ao convenio que asinarán este instituto e as entidades financeiras para a concesión destes avais. No DOG Núm. 43 do 25 de marzo de 2026 publicouse a Resolución do 25 de febreiro de 2026 pola que se procede á convocatoria do programa para o ano 2026 (código de procedemento VI402B).

- Programa de axudas para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia (VI501A).

Este programa, nas súas modalidades A e B, ten por obxecto subvencionar a compra de vivendas situadas en centros históricos e a compra de vivendas cualificadas definitivamente como vivenda protexida de protección autonómica de réxime xeral, especial ou concertado.

Na modalidade A (centros históricos), a contía da axuda será de ata 15.000 € por vivenda independentemente da idade do solicitante, por estar situadas nunha área Rexurbe.

Na modalidade B (vivenda protexida), a contía da axuda será de ata 16.000 € (no caso de solicitantes menores de 36 anos) ou de ata 12.000 €, no suposto de solicitantes de 36 anos ou máis.

En ambos casos, o importe da axuda terá como límite o 20 % do prezo de adquisición da vivenda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

As bases reguladoras deste programa de axudas xunto ca convocatoria para o ano 2026 establecéronse na Resolución da presidenta do IGVS do 31 de marzo de 2026 publicada no DOG núm. 63, do 7 de abril de 2026.

- Programa de axudas de rehabilitación de edificacións e vivendas públicas de titularidade municipal, dirixido a rehabilitar os edificios e as vivendas de titularidade municipal susceptibles dun uso residencial, para que puideran destinarse, en réxime de alugamento, á vivenda habitual e permanente de unidades de convivencia con escasos recursos económicos. No DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2026 publicouse a Resolución do 22 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a súa convocatoria, para o ano 2026, con carácter plurianual, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento VI422F).

A pesares que o Concello inicialmente non acudirá ao programa do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código do procedemento VI438A) nin ao Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da promoción de vivenda protexida de nova construción (VI406I) terase en conta que estes son programas que permiten a concesión de préstamos sen xuros aos concellos a devolver nun prazo máximo de oito anos para realizar actuación de rehabilitación que pode compatibilizarse coas axudas para rehabilitar vivendas de titularidade municipal.

En calquera caso, estas axudas serán substituídas ou, de ser o caso complementadas, coas que se establezan no futuro Pacto de vivenda de Galicia e no futuro plan estatal de vivenda, así como as que poidan convocarse polo IGVS con fondos propios da comunidade autónoma.

Outras axudas:

- Axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva.
- Axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).
- Axudas para actuacións de eficiencia enerxética do INEGA e IDAE.
- Axudas ao emprendemento do IGAPE.

Contarase ademais co financiamento da Deputación da Coruña, que programa periodicamente a convocatoria de axudas. Para as actuacións propostas destacan:

- Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura.
- Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos.
- Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo.
- Plan único de Concellos. Plan de Obras e Servizos (POS). Obras e gastos sociais extraordinarios.

RESUMO DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2023

Diligencia -
Para facer constar que o presente documento
foi aprobado en XGL del 9 de julio de 2026.
Betanzos, xullo de 2026
O Secretario

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Betanzos para o 2024, e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste concello, Bases de Execución, Cadro de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, publícase o seu resumo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1. OPERACIONS NON FINANCEIRAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	GASTOS DE PERSOAL	5.517.165,00
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	4.662.314,14
3	GASTOS FINANCEIROS	25.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	948.096,42
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	96.129,95
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	INVERSIONS REAIS	4.802.294,49
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	20.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	35.000,00
TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS		16.106.000,00

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1. OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.079.053,93
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	218.260,08
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.189.141,49
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.785.314,64
5	INGRESOS PATRIMONIALES	40.069,61
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.030.035,54
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	20.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	2.744.124,71
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS		16.106.000,00

DETALLE DE INVERSIONES E ANUALIDADES

A primeira fase das intervencións do plan de dinamización distribuirase en catro anualidades completas para a execución dos traballos descritos na presente memoria.

A seguir amósase o detalle das intervencións propostas por bloques de intervención e porcentaxes de achegas de cada axente interviniente.

Acción 1. Mellora de medios propios.

No Concello de Betanzos ven funcionando unha oficina Municipal de Rehabilitación, vinculada a declaración da Area de Rehabilitación Integral do Caso Histórico.

A nova declaración de Betanzos como Area Rexurbe ven vinculado a creación dun Centro de Rexeneración urbana de interese autonómico como punto de información asesoramento, xestión seguimento e difusión da area Rexurbe.

Vista a dinámica da Oficina de Rehabilitación do Concello de Betanzos o coñecemento do medio e da problemática existente, propónse darlle ao Centro de Rexeneración urbana de interese autonómico unha forma conxunta coa Oficina Municipal de Rehabilitación (tal e como se establece no artigo 71 da lei 1/2019), creando un Centro REXURBE no que ademais o Concello poderá derivar determinadas competencias en materia de intervención e disciplina urbanística.

As administracións local e autonómica atribuirán a este tipo de centros aquelas funcións que, sendo de competencia de ditas administracións, considere adecuado que sexan asumidas por estes centros en aras de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e mellorar a atención a cidadanía

Os centros de rexeneración urbana de interese autonómico deberán asumir, cando menos, as seguintes funcións:

1. A elaboración ou dirección dos estudos que se pretenden realizar para o coñecemento da situación real do parque edificado no seu ámbito de actuación e nas distintas áreas de rexeneración urbana do municipio e a actualización de estes datos.
2. A análise dos problemas e vulnerabilidades da área ou áreas urbanas que constitúen o seu ámbito de actuación e a proposta das medidas a adoptar.
3. A prestación dunha atención directa, persoal e especializada a cidadanía, facilitando a información e o apoio técnico-xurídico necesario para poder levar a cabo as actuacións de rexeneración e de renovación urbanas.
4. A asistencia técnica, xurídica e administrativa para a correcta orientación dos expedientes de rehabilitación de edificios, para acadar a maior adecuación posible dos edificios a normativa de accesibilidade, eficiencia enerxética e habitabilidade e protexer os elementos construtivos con protección patrimonial.
5. A tramitación e xestión dos distintos programas e expedientes de axudas a rehabilitación de acordo cos planes de impulso a rehabilitación da Administración municipal, autonómica e estatal.

6. O impulso e xestión de medidas e actuacións que atraian a inversión privada para facilitar a rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas con criterios de eficiencia enerxética, accesibilidade e mellora da imaxe urbana, incluso a través da tramitación de convenios con persoas particulares afectadas, fomentando a dinamización do ámbito e a diversidade de usos e actividades.

7. A elaboración das propostas ou informes técnicos relativos a protección do patrimonio cultural en asunción das funcións que puidera encomendar a consellería competente en materia de patrimonio cultural.

8. O desenvolvemento da labor de intervención administrativa na edificación e usos do solo no seu ámbito de actuación mediante:

- a) A tramitación e informe das licencias de obra, as autorizacións administrativas que procedan e, no seu caso, a realización das actuacións e trámites oportunos no suposto de obras sometidas o réxime de intervención municipal de comunicación previa.
- b) O asesoramento, a resolución de consultas e a proposta de modificacións sobre o plan vixente nas áreas.
- c) A tramitación das declaracións de incumprimento e as ordes de execución, as que incluírán a supervisión de estado dos inmobles e, no seu caso, a tramitación dos requirimentos as persoas propietarias de inmobles co propósito de que realicen as obras necesarias para o cumprimento dos deberes de edificación, conservación e rehabilitación.
- d) A tramitación das declaracións de ruínas, a análise do estado das edificacións e a proposta, no seu caso, da ruína dos inmobles para a súa substitución ou rehabilitación conforme as previsións urbanísticas.
- e) O impulso e tramitación dos expedientes de venda forzosa, substitución forzosa ou expropiación forzosa necesarios para levar a cabo as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.
- f) A elaboración e tramitación de plans especiais que teñan por obxecto a mellora da accesibilidade, para facilitar a instalación de ascensores en edificios de vivendas e a accesibilidade dos espazos urbanos.

9. A proposta das medidas necesarias para a protección do patrimonio cultural.

10. A elaboración das propostas e informes que se someten a Comisión de Seguimento da Área de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico.

11. A elaboración das propostas ou informes relativos a mellora da accesibilidade.

12. A elaboración das propostas ou informes relativos a mellora da sustentabilidade e da eficiencia enerxética.

13. A elaboración das propostas ou informes relativos a aplicación da perspectiva de xénero.

14. A elaboración das propostas ou informes relativos a aplicación de criterios sociais e ambientais.

15. Calquera outra funcións que a administración local ou autonómica poidan encomendar o centro de rexeneración urbana de interese autonómico para a mellor consecución dos obxectivos fixados.

Integrarase o persoal que actualmente forma parte da Oficina Municipal de Rehabilitación no Centro Rexurbe, sendo ademais preciso un reforzo importante de persoal técnico e administrativo para o mesmo. Este persoal contará cun Asesor xurídico a media xornada, dependente do Servizo de Urbanismo para o resto das súas tarefas, e coa asistencia dunha Traballadora social, dependente de Servizos sociais.

Considérase que o gasto conxunto entre Oficina de Rehabilitación e Centro Rexurbe ascendería a 569.623,72 € entre as anualidades 1 e 4. Contando que a oficina de rehabilitación, actualmente composta por unha delineante-administrativa, unha arqueóloga e un arquitecto, pasaría a integrarse no Centro Rexurbe, xunto coa incorporación do TAX e o persoal de asistencia. Tal e como establece a Lei 1/2019 a administración autonómica (IGVS) financiará os centros Rexurbe en ata un sesenta por cento de gastos de persoal. Así mesmo, aportarase unha cantidade igual, como máximo, do dez por cento da cantidade antes indicada, en concepto de financiamento dos gastos correntes.

Ademais contemplanse que o Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana aporte unha porcentaxe correspondente os gastos de xestión da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Betanzos. Tómasse como referencia o importe asinado no último convenio (2020, fase 12 do ARI).

A primeira fase das intervencións do plan de dinamización distribuirase en catro anualidades para a execución das funcións descritas.

O detalle da previsión é o seguinte:

GASTOS PERSOAL (base salarios xunta 2023)						
	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4		
A1 n22A Arq (100%)	50.955,76 €	50.955,76 €	50.955,76 €	50.955,76 €		
C1 n16 (100%)	26.878,26 €	26.878,26 €	27.298,42 €	27.298,42 €		
A1n22A TAX (50%)	25.477,88 €	25.477,88 €	25.477,88 €	25.477,88 €		
A2n20A TS (20%)	4.361,30 €	4.361,30 €	4.361,30 €	4.361,30 €		
	107.673,20 €	107.673,20 €	108.093,36 €	108.093,36 €	323.439,76 €	gastos pers
	34.455,42 €	34.455,42 €	34.589,88 €	34.589,88 €	103.500,72 €	g corr, outros
	142.128,62 €	142.128,62 €	142.683,24 €	142.683,24 €	569.623,72 €	total gastos
REPARTO	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4	TOTAL	%
CONCELLO	51.851,45 €	51.851,45 €	52.073,29 €	52.073,29 €	207.849,49 €	36,49%
IGVS (0,60)	85.277,17 €	85.277,17 €	85.609,94 €	85.609,94 €	341.774,23 €	60,00%
MºTRANSP...	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	3,51%
	142.128,62 €	142.128,62 €	142.683,24 €	142.683,24 €	569.623,72 €	

Acción 2. Impulso das axudas autonómicas e estatais.

Baseándonos nas porcentaxes que se están a aportar para este tipo de axudas no actual plan estatal de vivenda e estimando que se asinarán novos planes estatais con dotación orzamentaria similar o actual plan estatal estimase que o custe total de intervencións en materia de rehabilitación nos próximos 4 anos podería alcanzar 1.509.583,20€. Cunha contribución para rehabilitación de inmobles por parte do IGVS de 51.200€,e do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana de 312.000€.

Proponse, así mesmo, avanzar na rehabilitación dos outros inmobles por parte da Xunta e na procura de novos inmobles para a súa adquisición e futura rehabilitación co mesmo fin de incrementar a oferta pública de vivendas. Solicitarase do IGVS a inclusión do Concello de Betanzos na próxima convocatoria de oferta pública de adquisición de inmobles co dito fin, coa focalización principal nas zonas de actuación prioritaria, mantendo a marcha do investimento iniciado en anos anteriores.

Tendo en conta a cadencia de investimentos por parte do IGVS en oferta pública de adquisición de inmobles e posterior rehabilitación dos mesmos en anos anteriores:

oferta pública adquisición inmobles IGVS para Betanzos

DOG núm. 9, do 12.01.2018	500.000,00 €
DOG núm. 68, do 08.04.2019	300.000,00 €
2021	0,00 €
2022	0,00 €

Formalizado	Obras de rehabilitación	IMPORTE CTO OBRAS (€)	PROX+DIRECC+control calidade*	INVESTIMENTO
2017	CERCA 9	400.252,00	76.764,61 €	477.016,61 €
2018	CERCA 13	507.758,81	97.383,42 €	605.142,23 €
2018	CLÉRIGOS 13	185.401,84	35.558,35 €	220.960,19 €
2018	CERCA 45, 47 e 49	606.684,68	116.356,48 €	723.041,16 €
2019	CORTADURÍA 3, 4 e 6	674.093,45	129.284,86 €	803.378,31 €
2021	RUA NOVA 75	270.130,00	51.808,42 €	321.938,42 €
2021	TORRE 17	205.127,45	39.341,54 €	244.468,99 €
2022	Rúas Cerca 43, 2ª Venela dos Clérigos 4 e 2ª Venela dos Clérigos 10	593.811,52	113.887,53 €	707.699,05 €
2022	Rúas Alfolí 6, Pinche 9	503.424,45	62.924,26 €	566.348,71 €

Proponse un investimento total de 5.500.000 € nas seguintes anualidades:

ANO 1: 1.000.000 €

ANO 2: 1.500.000 €

ANO 3: 1.500.000 €

ANO 4: 1.500.000 €

Acción 3. Programas específicos de apoio á poboación dependente.

Propónse a continuidade dos programas e a mellora dos servizos con reforzo de persoal administrativo de apoio ao técnico dedicado a estes programas. Estímase un custo total do conxunto de servizos anual, que se propón constante nas demais anualidades, seguinte:

PRESUPUESTO ANUAL ESTIMATIVO DE RECURSOS E SERVIZOS DE PROXIMIDADE. CONCELLO DE BETANZOS-SERVIZOS SOCIAIS	
Servizo de Axuda no Fogar (modalidade dependencia)	900.000,00
Servizo de Axuda no Fogar (modalidade libre concorrência)	75.000,00
Programa "Xantar na Casa"	24.000,00
Servizo Municipal de transporte adaptado	32.000,00
Desenvolvemento do Plan de igualdade (inclúe campamentos de conciliación)	46.000,00
Programa de emerxencia social municipal	15.000,00
Axudas para o pago do alugueiro (convocatoria POS, achega Deputación provincial)	70.149,17
Programa de envellecemento activo	15.000,00
Servizo de comedor escolar municipal	160.000,00
Escolas infantís	358.000,00
Programa de atención temperá (compartido con Oza Cesuras e Paderne)	127.000,00
TOTAL	1.822.149,17

Acción 4 e 7. Proxecto Revitalización do comercio de Betanzos. Mercado sustentable. Creación de espazos libres e zonas verdes.

A financiación do dito proxecto prevese parcialmente con subvención a través dos fondos NextGeneration. De conformidade co disposto na Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro (BOE nº 218 do 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/565/2022 do 15 de xuño (BOE nº 148 do 22 de xuño de 2022) e pola Orde ICT/99/2023 do 31 de xaneiro (BOE nº 31 do 6 de febreiro de 2023), pola que se convoca a liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e á vista dos acordos adoptados pola Comisión de Avaliación na súa reunión de data 24 de xullo de 2023, formulou a proposta de resolución provisional desta convocatoria, en tramitación, cos seguintes importes:

Actuacións	Importe subvencionado	Achega municipal	Investimento total
Gastos dirixidos á transformación dixital	72.000,00	18.000,00	90.000,00
Gastos referidos á transformación do punto de venda	622.332,00	155.583,00	777.915,00
Gastos relativos a sustentabilidade e economía circular	565.600,00	141.400,00	707.000,00

Gastos relativos á cadea de subministro e trazabilidade	24.000,00	6.000,00	30.000,00
Gastos de sensibilización e formación	17.920,00	4.480,00	22.400,00
Outros gastos subvencionables	160.000,00	40.000,00	200.000,00
Totais	1.461.852,00	365.463,00	1.827.315,00

Anualidades previstas:

ANO 1: 182.731,50€

ANO 2: 548.194,50€

ANO 3: 730.926,00€

ANO 4: 365.463,00€

Acción 5. Actuacións previstas no Plan de Barrios.

A Resolución do 8 de xullo de 2022 regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEu e abre o prazo de participación para a anualidade 2022.

A instancias do concello, e través do IGVS, a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou o financiamento das actuacións no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) do “Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección”, situado no termo municipal de Betanzos, obtendo o seguinte resultado concedido:

ANUALIDADE	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMIN.	ACHEGAS PROMOTORES PRIVADOS	TOTAL
1	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
2	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
3	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
4	175.000,00 €	0,00 €	0,00 €	515.000,00 €	690.000,00 €
TOTAL	700.000,00 €	0,00 €	0,00 €	2.060.000,00 €	2.760.000,00 €

Esperando a continuidade do dito programa de axudas, prevese o mantemento das ditas inversións.

Acción 6: Redacción dun novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico.

Para a redacción do novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico actualizouse a vixencia do convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de

Betanzos para o seu financiamento. Acordouse unha achega da Consellería de 150.000,00 €, correspondente o 100% do custe da actuacións.

A distribución de anualidades proposta é a seguinte:

Anualidade 1: 30.000,00 €

Anualidade 2: 45.000,00 €

Anualidade 3: 45.000,00 €

Anualidade 4: 30.000,00 €

Deste xeito, os traballos de redacción do novo PE estarían finalizados a finais do 2027, dentro do prazo prorrogado para o exercicio das competencias ao Concello en materia de Patrimonio cultural no ámbito do CH, que outorga a recente redacción da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (disposición transitoria quinta), dada polo artigo 31 da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Acción 7: Proxecto Revitalización do comercio de Betanzos. Creación de dous novos parque públicos no ámbito.

Parte do proxecto, incluído no plan de financiamento da Acción 4.

Acción 8: Aprobación dunha ordenanza de conservación e rehabilitación.

Coa aplicación da dita ordenanza prevese obter un crecemento de ingresos, tanto polo incremento da recadación dos tributos urbanísticos grazas ao fomento da rehabilitación e a conservación do parque inmobiliario, como pola aplicación, nos casos procedentes, do canon de edificios en estado de abandono.

Acción 9: Actuacións previstas no PMUS.

O análise e diagnose do PMUS deriva na proposta de actuacións, que inciden no Centro Histórico e a súa conectividade: programa de mellora da rede peonil, programa de mellora de camiños rurais, rede de itinerarios ciclistas municipais, sistema público de aluguer de bicicletas, rede de aparcamentos de bicicletas, campañas de información, sinalización de itinerarios e de información do servizo, delimitar zonas de prioridade peonil (entre elas o ámbito do Centro histórico), microproxectos de actividade e estancia no espazo público, redacción dun Plan de Coordinación entre o planeamento urbanístico e as estratexias de mobilidade, delimitación dunha zona de Baixas emisións no ámbito, rede de puntos de recarga para vehículos eléctricos, etc.

Prográmase a necesidade destas actuacións nun cronograma a prazo inmediato (0-6 meses), corto (2 anos), medio (4 anos) e longo (10 anos). Para a programación temporal do presente Plan de Dinamización, recolleremos as previsións de financiamento excluíndo, polo momento, as actuacións programadas a medio longo prazo.

Para o financiamento destas actuacións, o PMUS considera a provisión de recursos económicos complementarios á propia Facenda municipal, e identifica unha serie de oportunidades ás que pode concorrer o Concello de Betanzos, como poden ser: Fondos Públicos de Desenvolvemento (internacionais, europeos, nacionais e rexionais), Fondos Públicos Innovadores (europeos,

nacionais e rexionais), Fondos Privados Innovadores (fondos de inversión en ciencia e innovación) e Fondos Privados Non Lucrativos (Fundacións, ONG, Responsabilidade social corporativa,...).

Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística (PST)

Para o seu financiamento, o Concello de Betanzos participa na convocatoria extraordinaria 2023 Planes de Sustentabilidade Turística en Destinos para entidades locais. Se trata dun Programa Extraordinario de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, o instrumento principal de intervención da Administración turística española, con obxecto de impulsar a transformación dos destinos turísticos españois cara á sustentabilidade. Plan financiado co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Por Resolución do 22 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O acordo recolle para o Concello de Betanzos un importe de 1.000.000 de Euros para contribuír ao financiamento das actuacións propostas. O importe total do investimento por anualidades é o seguinte:

EIXOS PROGRAMÁTICOS	2025	2026	2027	TOTAL
TRANSICIÓN VERDE E SUSTENTABLE	280.000,00	250.000,00	0,00	530.000,00
MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA	40.000,00	310.000,00	250.000,00	600.000,00
TRANSICIÓN DIXITAL	0,00	140.000,00	100.000,00	240.000,00
COMPETITIVIDADE	140.000,00	425.000,00	395.000,00	960.000,00
TOTAL	460.000,00	1.125.000,00	745.000,00	2.330.000,00

Este financiamento poderase complementar coas Axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, que prevén un máximo de 30.000 Euros anuais para actuacións que afecten ás zonas ZEC.

Acción 11: Actuacións no Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edifícios Públicos para as Entidades Locais (PIREP local): Obra de Rehabilitación do Mercado Municipal de Betanzos.

O Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana (MITMA), a través do PIREP, convoca axudas en réxime de concorrencia competitiva entre Entidades Locais, para a rehabilitación sostible do parque público institucional. Así mesmo, e de conformidade coa coherencia das políticas deste Ministerio, as actuacións que sexan obxecto de financiamento deberán ter un carácter integrado, no sentido definido pola Axenda Urbana Española (AUE), e responder os criterios de sustentabilidade, inclusión e calidade estética previstos pola Nova Bauhaus Europea, sen perder de vista o principal obxectivo dun aforro enerxético medio por encima do 30%

No marco destas axudas o Concello de Betanzos obtivo financiación por importe de 1.482.081,58 € para a realización do proxecto Obra Rehabilitación do Mercado Municipal de Betanzos, xa adxudicado e en fase de execución (expediente núm. 2022/C004/000005), por un valor do contrato de 1.638.161,97 €. A previsión é que se rematarán completamente no 2025.

Acción 15: Redacción dun estudo de iluminación artística e ornamental do casco histórico.

. Propostas incluídas no PST (*Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística*).

Acción 16: Colaboración en campañas de produtos Reserva biosfera. Propostas incluídas no PST (*Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística*).




Diligencia.-
Para facer constar que o presente documento,
foi aprobado en XGL del 9 de julio de 2026.
Betanzos, xullo de 2026
O Secretario

CADRO RESUMO DE INVESTIMENTOS

LIÑAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓN S RELACIONADAS	INVESTIMENTO 2025-2028	PRIVADO	CONCELLO DE BETANZOS	IGVS	CMATV	IDAE	Mº Facenda / Fondos NextG	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	Mº INDUSTRIA COMERCIO Y TURISMO / Fondos NextG	MºTMAU
L1- Dinamización de programas de acceso á vivenda (Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 e Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025)	Acción 1. Mellora de medios propios.	569.623,72	0,00	207.849,49	341.774,23	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
	Acción 2A. Impulso Plan Estatal de Vivenda.	906.832,24	224.400,00	491.572,24	34.860,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	156.000,00
	Acción 2B. Impulso das axudas autonómicas.	5.500.000,00	0,00	0,00	5.500.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
L2- Apoio á poboación dependente	Acción 3. Programas específicos de apoio á poboación dependente.	7.288.596,68	0,00	7.008.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	280.596,68	0,00	0,00
L4- Mellora da imaxe do comercio de proximidade e estratexias de comunicación primando a calidade e a economía circular	Acción 4. Proxecto Revitalización do comercio de Betanzos. Mercado sustentable.	1.827.315,00	0,00	365.463,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.461.852,00	0,00
L-5 Apoio á rehabilitación xerando programas de axuda e dando prioridade ás actuacións de eficiencia enerxética e sustentabilidade	Acción 5. Actuacións previstas no Plan de Barrios.	2.760.000,00	2.060.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	700.000,00	0,00	0,00	0,00
L-6 Mellora nos servizos de atención ao cidadán e simplificación das tramitacións	Acción 6: Redacción dun novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico.	150.000,00	0,00	0,00	0,00	150.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
L-7 Ampliación de equipamientos públicos e oferta de servizos e espazos libres	Acción 7: Creación de dous novos parque públicos no ámbito	Incluído en acción 4									
L-8 Reforzo da conexión co resto da zona urbana	Acción 9: Actuacións previstas no PMUS	Incluído en acción 9									
L-9 Definición e planificación da oferta turística	Acción 10: Actuacións propostas no Plan de Sustentabilidade Turística (PSTD)	2.330.000,00	0,00	1.210.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	120.000,00	1.000.000,00	0,00
L-10 Recuperación do Patrimonio	Acción 11: actuacións no Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para as Entidades Locais (PIREP local)	1.638.161,97	0,00	156.080,39	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.482.081,58
L-11 Medidas de equilibrio social e económico	Acción 8: Aprobación dunha ordenanza de conservación e rehabilitación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Acción 12: Obtención de edificio para creación de vivendas de alugueiro social	28.842,27	0,00	28.842,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Dilixencia.-
Para facer constar que o presente documento,
foi aprobado en XGL del 9 de julio de 2026.
Betanzos, xullo de 2026
O Secretario

L12- Impulso da mobilidade sustentable	Acción 9: Actuacións previstas no PMUS, corto prazo	2.764.004,24	34.000,00	854.004,24	0,00	100.000,00	156.000,00	0,00	320.000,00	300.000,00	1.000.000,00
L13- Posta en valor da Historia e localización do Casco Histórico	Acción 13: Rutas guiadas.	72.636,28	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	72.636,28	0,00	0,00
	Acción 14: Actividades de divulgación organizadas polo Museo das Mariñas.	80.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	80.000,00	0,00	0,00
	Acción 15: iluminación artística e ornamental do casco histórico	Incluído en acción 4									
L-14 Campañas de apoio ao produto local	Acción 16: Colaboración en campañas de produtos Reserva biosfera	Incluído en acción 10									
L-15 Mellora das infraestruturas de telecomunicacións e axudas para a implantación de empresas tecnolóxicas	Acción 17: Facilidades para a instalación de nova empresa	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Acción 18: colaboración con empresas de telecomunicacións que xa teñen presentado o plan de despregamento	2.318.400,00	2.318.400,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
		28.234.412,40	4.636.800,00	10.321.811,63	5.876.634,23	250.000,00	156.000,00	700.000,00	873.232,96	2.761.852,00	2.658.081,58
		100,00%	16,42%	36,56%	20,81%	0,89%	0,55%	2,48%	3,09%	9,78%	9,41%



Concello de
Betanzos

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL DAS ACTUACIÓNES.

De conformidade cos artigos 76 e 77 da Lei 1/2019 do 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, propónse a creación dunha Comisión Técnica de Seguimento.

Prevese que se reúna periodicamente e como mínimo unha vez ao ano, podendo reunirse a intervalos menores a petición de calquera das partes que integren a comisión. A comisión de seguimento estará constituída por persoal técnico así como polos responsables políticos das áreas afectadas da administración local e da administración autonómica.

Así, creárase unha comisión mixta de seguimento para a Área Rexurbe de Betanzos co obxectivo de elaborar os plans e os programas de actuación na áreas, coordinar os criterios das funcións doutras administracións atribuídas aos centros de rexeneración urbana de interese autonómico e realizar o seguimento e a coordinación dos plans de financiamento para o impulso da rehabilitación, a rexeneración e a renovación das áreas afectadas.

Esta comisión contará con dúas persoas por parte do Concello e outras dúas por parte da administración autonómica e será presidida por un dos representantes da Xunta de Galicia designadas polas autoridades competentes para cada administración. Na designación das persoas representantes das comisións técnicas de seguimento respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. Ademais das persoas designadas, poderán asistir as xuntanzas destas comisións aquelas que, sen prestaren servizos en ningunha das administracións afectadas, poidan ser propostas pola comisión en virtude dos seus coñecementos técnicos ou da súa experiencia profesional. Así mesmo, poderán asistir persoas representantes dos colexios profesionais, das asociacións ou das institucións cuxa participación se considere oportuna.

As funcións atribuídas á Comisión Técnica de Seguimento serán as indicadas na presente lei no seu artigo 77:

1. A comisión técnica de seguimento exercerá as seguintes funcións:

a. Velar polo funcionamento do centro de rexeneración urbana de interese autonómico de acordo con criterios de eficacia e eficiencia que impulsen a consecución dos fins da área de rexeneración urbana de interese autonómico.

b. Propoñer á autoridade competente do concello o nomeamento e a solicitude de cesamento da persoa responsable do centro de rexeneración urbana de interese autonómico, así como realizar o seguimento e a avaliación da súa actividade.

c. Propoñer a aceptación das funcións encomendadas ao centro de rexeneración urbana de interese autonómico por parte das diferentes administracións públicas.

d. Aprobar os plans e os programas de actuación e mais o investimento previsto anualmente en aplicación do plan de dinamización.

e. Propoñer ás administracións implicadas as modificacións no plan de dinamización que se considere oportuno realizar para a mellor obtención da finalidade perseguida, coa aprobación, de ser o caso, das modificacións non substanciais na forma e cos límites que se prevexan no indicado plan.

f. O seguimento, a valoración e o control da actividade do centro de rexeneración urbana de interese autonómico e do cumprimento dos compromisos adoptados, realizando, cando menos, as seguintes

actuacións:

1ª. O seguimento da evolución dos indicadores fixados no plan de dinamización.

2ª. A memoria e auditoría anual para comprobar total ou parcialmente o grao de cumprimento dos compromisos, o seguimento dos indicadores e a xestión das accións definidas ao longo do ano polas persoas responsables.

2. Os informes sinalados na alínea f) anterior serán públicos e estarán dispoñibles na páxina web correspondente.

Nas reunións de avaliación analizaranse dous tipos de indicadores, os de cumprimento da programación temporal do plan e os indicadores de impacto das actuacións realizadas. Así mesmo teranse en conta e estudaranse aqueles cambios normativos que poidan ser aprobados e que poidan afectar a execución do mesmo, así como novas subvencións, liñas de axuda e financiamento que vaian xurdindo.

Consideraranse tamén, nestas xuntanzas, variacións puntuais do presente Plan de Dinamización para axustalo á realidade social e económica que pode mudar de xeito puntual implicando unha modificación das estratexias para a consecución dos obxectivos concretos dentro da Área Rexurbe. Serán analizados periodicamente, nestas xuntanzas, indicadores como evolución da poboación, atracción de xente nova, número de edificios rehabilitados, número de edificacións pendentes de rehabilitación, establecemento de novas empresas, profesionais e comercios, resultados económicos das empresas e comercios, etc., baseados nas liñas de actuación propostas e nos obxectivos indicados con anterioridade.

Por outra banda, realizaranse a petición da comisión, enquisas de entre a poboación xeral e entre os comerciantes e empresarios co fin de coñecer o grado de satisfacción co Plan de Dinamización, así como detectar necesidades e propostas.

PARTICIPACIÓN SOCIAL.

Para unha mellor aceptación e implicación da cidadanía, ademais dunha función de seguimento e control, no presente Plan de Dinamización, propónse unha participación activa dos residentes.

Así, a participación de asociacións de veciños, comerciantes, empresarios, colectivos sociais e representantes do mercado inmobiliario, é fundamental para a recollida de información e propostas durante a execución do Plan de Dinamización, para poder proceder á súa adaptación á cambiante realidade social, pois si ben este plan parte dun punto fixo, o paso do tempo e a posta en marcha do mesmo dará lugar a unha nova realidade socio-económica que debe ser tida en conta para que o mesmo siga sendo eficaz durante todo o período.

Para a participación social propónse a realización de reunións cos diferentes axentes durante a execución do Plan de Dinamización. Estas reunións poderíanse facer coincidir coas da comisión de seguimento que se establecían cada 6 meses e a algunha, se así o considera a Comisión, convocaríanse veciños/-as, asociacións en xeral, así como aos axentes económicos: asociacións de comerciantes, industriais e autónomos para que todos eles aporten o que consideren axeitado e indiquen posibles eivas na execución do Plan.


Nas reunións presenciais coa veciñanza dentro das comisións de área Rexurbe, por parte da administración darase conta do punto no que se atopa a execución do Plan así como das posibles modificacións /adaptacións do mesmo á realidade social ditadas pola Comisión de Seguimento e escoitarase á veciñanza naquelas achegas que queira facer encamiñadas á mellora e mellor adaptación do Plan á realidade.

Así mesmo, na web oficial do concello e tamén a través do Servizo municipal de información vía Whatsapp, achegarase información de oportunidades de inversión en rehabilitación, inventario de vivendas e locais xa rehabilitados en venda ou aluguer, listado de profesionais especialistas na rehabilitación de edificacións e locais comerciais, axudas e subvencións dispoñibles para este fin, etc., información que tamén será recollida nas redes sociais do concello para ter á cidadanía ao cabo de todo o desenrolo e de todas as oportunidades que ofrece o Rexurbe.

Por outra banda, a petición da comisión de seguimento, realizaranse enquisas entre a poboación en xeral e entre os comerciantes, empresarios e autónomos co fin de coñecer o grado de satisfacción co Plan de Dinamización, así como detectar necesidades e propostas.



Anexo 1: Estado de conservación. Listado de inmuebles.



Concello de
Betanzos